Na área penal, o Xulgado nº 4 de Vigo instrúe Dilixencias Previas a 3 arquitectos polo hipotético uso falsario de selos de visado. O Colexio, con suspensión do expediente sancionador correspondente, remitiu as actuacións disciplinarias á Fiscalía e esta denunciou ao Xulgado. O Colexio está personado baixo a dirección deste letrado.

Perante o TSXG séguese o recurso 4412/2008 do COAG contra a Orde da Consellería da Vivenda e Solo de 9 de maio de 2008 sobre subvencións acordadas ás Administracións locais para contrataren indistintamente a arquitectos ou aparelladores coa finalidade de fiscalizar a observancia do D. do Hábitat galego.

Os Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos e o Consello de Colexios presentaron recurso contencioso-administrativo contra o D. da Xunta que aprobou a modificación dos Estatutos do COAG en materia de sociedades profesionais multidisciplinares. O Colexio está personado.

Isto é o que consideramos máis digno dunha sintética mención, con relación ao período abranxido na presente memoria.

Alfonso Álvarez Gándara
O asesor xurídico do COAG

INFORMÁTICA

Introdución

Nas páxinas seguintes expóñense aqueles traballos máis importantes realizados no Departamento de Informática no ano 2008, así como os principais proxectos a iniciar ou a continuar coa apertura do novo exercicio.

Non se inclúen as tarefas cotiás efectuadas no Departamento como son a solución de avarías nos postos de traballo e servidores de rede, realización de tests, redacción de informes ou listaxes, reparación de erros humanos ou provocados por programas nas base de datos, solución de problemas cos servizos de internet ou a alta de usuarios rexistrados na base de datos de Internet e/ou correo electrónico.

Xestión Colexial:

Trocos para adaptación pola desaparición dos prezos de referencia

Desenvolvéronse as adaptacións na xestión que se derivan do acordo da Xunta Xeral Ordinaria do 18 de decembro, relativo á supresión dos honorarios e presupostos de referencia, tanto no ámbito dos cálculos como no das notificacións e informes. Tamén se introduciu no sistema de cálculo e asignación de cotas variables a diferenza de importe segundo o formato de tramitación.

Sistema automático de reparto do traballo en Visado Dixital

Desenvolvéronse e implantáronse distintas versións do algoritmo de reparto automático de carga de traballo en visado dixital. O obxectivo foi o de atopar o xeito óptimo de distribuír os esforzos entre os distintos centros segundo as circunstancias que presentaba a entrada de visado en cada caso. Por exemplo, no pico de tramitación debido á entrada en vigor do Decreto do Hábitat Galego, establecéronse criterios de territorialidade e compensación con visado físico para garantir o despacho de toda a documentación en prazo.

Ademais do reparto automático e desasistido, fixéronse intervencións manuais na asignación cando concorrián circunstancias que así o xustificasen (ausencia imprevista de recursos, carga excesiva...

Novo módulo de xestión de sociedades profesionais

Implementáronse as importantes modificacións na aplicación de xestión que se derivan das novas obrigacións de rexistro vinculadas á Lei de Sociedades Profesionais.

Automatización do proceso de reclamación de expedientes de Obra Oficial

Colaborouse coa entidade "Construdata 21" no proceso de revisión de Obra Oficial no período maio2007-maio2008, trasladando os datos que figuraban no Colexio e establecendo o modelo da base de datos de intercambio de información.

Unha vez a entidade trasladou a lista de posibles Obras Oficiais non visadas, lanzouse un proceso de revisión en colaboración coas delegacións e co coordinador técnico de Xunta de Goberno.

Sobre as listaxes depuradas, automatizouse totalmente a incorporación dos expedientes á aplicación de xestión, na delegación correspondente, así como os cálculos de aportacións e avisos de reclamación segundo un modelo único. Deste xeito, os centros só tiveron que realizar os correspondentes envíos postais e seguimento de incidencias.

Adaptación a Windows Vista

Realizáronse os trocos necesarios para a adaptación da aplicación de xestión (especialmente do módulo criptográfico) ó sistema operativo Windows Vista.

Xestión automatizada e homoxénea das renuncias de obra

Ata a realización deste troco, cada centro xestionaba fóra da aplicación de xestión e con criterios en ocasións diverxentes as renuncias de obra (registro, comunicación ás partes, seguimento, etc).

A partires de documentos homoxéneos proporcionados polo coordinador técnico da Xunta de Goberno, creáronse as plantiñas, procedementos e automatismos precisos na aplicación de xestión para habilitar un tratamento único e en todos os centros do COAG, con independencia de que o formato de entrada sexa físico ou dixital.

Xestión automatizada e homoxénea das ITE do convenio co IGVS

Realizouse o seguimento do visado e informe do proceso de todos os documentos de ITE tramitados no mes de xaneiro en virtude do convenio co Instituto Galego da Vivenda e o Solo. Esta tarefa realizouse en colaboración co Coordinador Técnico da Xunta de Goberno.

Estatísticas de visado

Xeráronse, compiláronse e analizáronse os datos da evolución do visado por concellos e comarcas 2000-2007, en colaboración co equipo de arquitectos da web de planeamento, os cales, finalmente, figuran nunha nova publicación realizada polo COAG.

Ademais, realizouse unha extracción dos datos estatísticos de edificación do primeiro semestre de 2008, así como un proceso de depuración dos mesmos en colaboración coas delegacións. Ademais de servir como adianto para complementar a publicación dos anos 2000-2007, os datos permitiron analizar o ocorrido pola entrada en vigor das Normas do Hábitat Galego (separación por fases básico/execución).

Estatísticas xerais para a Xunta Xeral de maio de 2008

Realizouse a extracción e análise de datos necesaria para a obtención dos indicadores publicados na Xunta Xeral de maio de 2008, a instancias da Xunta de Goberno. Os ámbitos de análise foron colexiados, honorarios, presupostos, visado de arquitectos da administración, visado de arquitectos peritos e forenses, visado de traballo de planeamento, ratio de retencións, tempos de visado medios e porcentaxes por formato de presentación (VF/VD).

Apoio ao persoal de asistencia ao visado dixital (902)

Realizáronse as tarefas de formación, asesoramento e apoio permanente a Luís Álvarez por parte de membros do Departamento de Informática, así como a súa substitución durante ausencias ou vacacións.

Así mesmo, dispúxose un traballador destinado prioritariamente á asistencia aos estudos en caso de dificultades informáticas, en especial durante os períodos críticos. A media de intervencións diaria foi de 9 incidencias diarias de distinto carácter (consultas, erros, verificacións, substitución asistencia,...). A asistencia remota realizouse a través da aplicación Inquiero, o cal axilizou a resolución de incidencias, posibilitando a prestación dun servizo "case presencial".

Control de eficiencia na revisión documental

Para documentos en formato dixital, desenvolveuse un novo módulo que permite analizar estatisticamente os tempos medios empregados na revisión da documentación dixital segundo a súa tipoloxía, o cal aporta un coñecemento importante para mellorar o proceso.

Novo sistema de análise de proxectos, "catálogo de incidencias"

Realizouse unha remodelación completa do catálogo de incidencias de visado, mediante a reorganización de contidos e a reestruturación temática dos mesmos. As incidencias xestionadas son 303.

Versións de COAGXestion, emisión de certificados dixitais, carpetas e novos manuais

Publicáronse 22 novas versións da aplicación COAGXestion, introducindo melloras que dotaron ao programa de maior estabilidade e solidez, así como na usabilidade e a eficiencia. Ademais, incorporáronse todas as novidades introducidas na xestión por parte dos distintos órganos colexiais.

Unha das reformas con maior impacto foi a habilitación do sistema de xestión para soportar a tramitación de documentos en formato físico xa iniciados utilizando o formato dixital.

Emitíronse 305 certificados dixitais novos e renováronse un total de 580. Os certificados novos foron entregados conxuntamente co resto do material das altas no visado dixital (token criptográfico, contrato, carpeta-manual e CD).

Análise datos Comisión de Visado

Co fin de posibilitar unha análise detallada da situación do visado no COAG realizáronse, a indicación da Comisión de Visado, unha serie de estudos estatísticos a partir da información da aplicación de xestión colexial. Foron configurados listados de tempos de visado, frecuencia e motivo de retencións, rendemento de visadores, fluxo territorial de traballo, etc.

Actualizouse a zona web onde a Comisión pode avaliar en tempo real cal é a situación de cargas de traballo por visador en cada un dos centros do COAG, tanto para formato físico como para dixital. Esta ferramenta permite tomar decisións sobre a dotación de recursos para facer máis eficiente o visado.

Nova relación COAGXestion-ERP Navision

Dende principios de 2008 está implantado un novo sistema que permite relacionar a aplicación de xestión de visado (COAGXestion) coa de contabilidade en tempo real (NAS – Navision Application Server). Así, toda a información dos feitos de xestión de visado está actualizada en todos os sistemas do Colexio. Ademais, os procesos económico-contables (domiciliación, liquidación, facturación,...) teñen lugar na aplicación ERP Navision, xa que é o lugar natural para facelo, aproveitando as funcionalidades xa existentes e garantindo o axuste cos procedementos que en cada momento se definen dende a tesourería colexial.

Ademais das vantaxes expostas, como froito da nova implementación os colexiados poden acceder en tempo real a toda a súa información económica (facturas/abonos, pagamentos, xestións de cobros, etc.) a través da web.

Ó mesmo tempo, a factura mensual, que recolle todos os conceptos facturables de visado tramitados por un colexiado nese mes, supuxo unha maior comodidade para os estudos á hora de xestionar a información e a documentación económica vinculadas co COAG.

Seguindo a mesma filosofía, toda a información de índole económica relativa ós colexiados foi trasladada ó ERP Navision para que sexa xestionada dende alí.

A mediados de ano adoptouse a decisión de cambiar o provedor da aplicación de Navision, pasando de Euclides-Otero a Excelia. Neste sentido, colaborouse no traslado e análise da lóxica de negocio co novo provedor.

Pasarela de pagamentos

Implementáronse os mecanismos para posibilitar a adquisición e pagamento vía web dos produtos ou servizos que ofrece o COAG.

Unha vez os produtos ou servizos están inventariados no ERP Navision (versión 5SP1), os novos módulos permiten ós usuarios web seleccionar o produto, ir ó banco para a realización do pagamento e confirmar a operación; todo iso sen intervención humana e co rexistro automático de todas as implicacións económico-contables (facturación, xestión almacén, pagamento,...) rexistradas en tempo real.

O desenvolvemento deste módulo web baseado no ERP Navision condúcese a posibilitar unha comercialización cómoda e desasistida dos produtos/servizos que o COAG poida ofertar en cada momento.

Servizos Web:

Colaboración coa web de planeamento

Realizáronse tarefas de soporte e mantemento para aqueles requirimentos infraestruturais dos xestores da web de planeamento. Ademais do almacenamento da información e a renovación de equipos, realizáronse programas para automatizar o tratamento de información e probas de concepto coa perspectiva dunha evolución do servizo actual ao estándar WMS.

En paralelo, habilitouse un novo blog¹ onde os membros da web de planeamento poden publicar as novidades ou utilidades referidas ó planeamento de Galicia.

Web colexial


En colaboración cos distintos Departamentos/Comisións do COAG publicouse unha importante cantidade de información na web, o cal motivou un aumento importante nas visitas diarias.

Creáronse a seguintes zonas web:

- Xunta Xerais (maio e decembro)
- Proceso Bolonia
- Sociedades profesionais
- Seguimento do COAG de Obra Oficial
- Regulamento de incompatibilidades
- Páxina de normativa para convenio con Consellería de Vivenda
- Páxina XIII Premio COAG
- Páxina Normas do Hábitat Galego
- Convenio de colaboración co Concello de Ferrol para selección bolsa de traballo.
- Web do concurso Casa da Cultura de Lerez
- Webs para exposicións (Auto deseño e Circulos imperfectos)
- Novo portal de concursos (marco sobre o servizo de Construdata21).
- Colaboración no mantemento de webs de concursos (CETAL, 5 espazos).

Doutra banda creáronse novos servizos online en tempo real para colexiados: información económica completa, posibilidade de descargar as facturas e documentos de pagamento pola web e actualizouse a consulta dos tempos de visado dos distintos centros do COAG.

O número de usuarios da web incrementouse ata os 3.402 (incremento anual de 219).



O número de medio de visitas á web aumentou respecto do ano 2007 nun 14%, cunha media de 143.548 visitantes únicos ó mes.

¹

<http://blogdeplaneamento.coag.es/>

Difusión por correo electrónico: mailings

Realizouse a maquetación e envío de 515 mailings aos colexiados, ben xerais, ben dirixidos en concreto a unha Delegación. Deles, 323 correspondéronse con circulares ou información relacionada, mentres que o resto (192) correspondéronse con novas importantes, eventos, cursos, etc.

Aloxamento de webs de colexiados

Aloxáronse nos servidores do colexio as web dos estudos que así o solicitaron.

Visado Dixital

Evolución

O visado dixital experimentou un gran crecemento ao longo do ano 2008, dende o 30% do total de todos os expedientes tramitados no COAG en 2007 ata máis do 50% en decembro de 2008. Este aumento de usuarios e o conseqüente aumento do volume de traballo repercute en todos os niveis dos labores de asistencia, mantemento e evolución do sistema.

Ademais das tarefas cotiás de asistencia telefónica ou remota mediante a aplicación de soporte remoto "inquiero" aos colexiados tamén se realizan outras labores como son:

- porte interno, asistencia e coordinación do persoal e dos arquitectos de visado nas distintas delegacións.
- visión da entrada e asignación de expedientes dixitais redirixindo e reorganizando documentación nos casos nos que foi necesario.

Charlas técnicas aos colexiados 2008

Nas charlas técnicas explicouse de forma concreta o funcionamento xeral do visado dixital. Tratáronse todos os aspectos relativos ao proceso de xestión de expedientes mediante este sistema, dende a creación dos arquivos pdf, ata exemplos prácticos de creación e envío dun proxecto, pasando pola instalación e manexo do propio programa COAGEstudio. Realizáronse 7 charlas de visado dixital entre o mes de maio e xuño de 2008:

Centro	Data
Ferrol	14/05/08
Vigo	22/05/08
Lugo	28/05/08
Pontevedra	03/06/08
A Coruña	05/06/08
Santiago	09/06/08
Ourense	11/06/08

Presentación do sistema de Visado Dixital

Tamén se realizaron varias presentacións da ferramenta de visado dixital cara a delegacións doutros colexios de España. Nestas, expoñíase o funcionamento, vantaxes, e resultados do sistema de xestión dixital de expedientes.

Redacción dos manuais do COAG-Estudio

Logo das últimas actualizacións levadas a cabo no sistema de visado dixital, redactáronse novamente os manuais de funcionamento e manexo do programa de visado dixital COAG-Estudio. Así mesmo creouse un apartado de preguntas frecuentes onde se recollen as principais incidencias resoltas.

Nova web de Visado Dixital

O espazo web destinado a Visado Dixital existente na web do COAG quedouse insuficiente para o gran número de usuarios. Polo tanto, reformouse completamente o espazo Web, o aspecto visual, o funcionamento e o contido completo, para facilitar a asistencia aos colexiados.

COAGEstudio

Publicáronse 4 versións de COAGEstudio, introducindo os trocos necesarios para facer máis eficiente e usable o programa, así como para incorporar os trocos funcionais precisos para unha correcta presentación a trámite.

Ademais, realizáronse versións específicas para o sistema operativo Windows Vista (32 e 64 bits). A adaptación resultou complexa, especialmente no apartado referido á interacción co dispositivo criptográfico (token de visado).

En canto ó nivel de servizo, e inda co importante incremento de usuarios, acadouse unha práctica estabilización e garantía do mesmo, ademais de mellorar a eficiencia no intercambio da información. A continuación amósanse os principais indicadores do proceso de entrega/recepción de información estudo-COAG:

Sincronizacións: 50.082

Usuarios distintos 2008²: 753

Arquivos pdf intercambiados: 571.864

Tamaño Arquivos intercambiados: ~240 Gb

Envíos/Recepcións de información (primeiro intento):

Sen erro: 95%

Con erro: 5%, dos cales³:

0,88% erros no servidor do COAG (lógicos, de sobrecarga, corte conexión, ...)

4,22% erros debidos a cortes na conexión do estudo (líña, antivirus, arquivos moi pesados, ...)

Mellora de tempo no método de sincronización: 60%.Sistemas e comunicacións

Reestruturación das comunicacións

No marco do Plan Director de comunicacións do COAG, realizáronse unha serie de trocos substanciais na infraestrutura e organización das comunicacións do COAG, tanto para datos como para voz:

Comunicación entre centros: cambiouse a conexión co provedor de Telefónica (ADSL LAN) por unha tecnoloxía máis evolucionada e potente (MPLS) co provedor R. Ademais, habilitouse unha conexión de alta capacidade (fibra) entre o Centro de Datos (sede) e o CPD de R, o cal abre a porta á prestación de máis e mellores servizos a través de Internet.

Comunicación pública: contratouse co provedor R un acceso público de maior capacidade (4Mg) para substituír ó actual servido por British Telecom.

Renovouse o cableado da delegación de Lugo e parte do cableado de rede da Sede por un novo de categoría 6, o cal permite unha moito maior eficiencia no transporte de datos.

Telefonía fixa: desenvolveuse un plan de numeración única e cambiáronse todos as centraliñas e os terminais telefónicos dos centros para soportar a telefonía IP. Deste xeito, facilítase a comunicación directa entre dous puntos calquera da institución e anúlase os custos deste tipo de chamadas.

Telefonía móbil: cambiouse de provedor de telefonía móbil (de Movistar a Vodafone). Ademais, aproveitouse para renovar os terminais dos membros da Xunta de Goberno.

Ampliación do repositorio central de infomación (SAN)

Dado o importante incremento dos arquivos almacenados de xeito seguro no repositorio central do COAG, especialmente dos que proveñen do visado dixital, fíxose necesario acometer a

² Sobre un COAGEstudio pode traballar máis de un arquitecto.

³ En calquera caso, son erros que, na súa maior parte, se arranxan voltando a sincronizar.

ampliación da SAN. A ampliación de capacidade posibilita un almacenamento máximo de 1,5 Tb.

Actualización de seguridade perimetral na rede corporativa, “firewall”

Actualizouse o software de seguridade dos dispositivos de control de tráfico de rede (firewall), e revisáronse as regras de seguridade establecidas. Actualizáronse os antivirus corporativos. Non ano 2008 non se registrou ningún ataque nin incidencia relevante nos sistemas de información do COAG.

Dotación de novos postos de visado dixital

Actualizáronse nas delegacións nas que era preciso os equipos (2 pantallas + pc + adobe pro) para a realización de visado dixital, destinados ós arquitectos de todas as delegacións que xestionan visado dixital. En total, cambiáronse 14 equipos de escritorio.

Novo hardware

Ademais dos mencionados, adquiriuse o seguinte equipamento hardware:

Dous servidores destinados a aloxar as bases de datos de COAGXestion e Navision.

Impresora/escáner/fax de planta na Sede Colexial.

Adquisición de servidores para renovación dos presentes nas delegacións.

Outros Traballos

Revisión da aplicación de memorias 2

Realizouse a recollida e análise a primeiro nivel do código fonte de memorias 2. Verificouse a correspondencia entre o código fonte e a funcionalidade publicada, tanto para a versión de Galicia como a de outros COA. Todo o código fonte e documentación existente foi incorporado ó almacén central do COAG.

Informes para a administración

Foron requiridos informes particulares⁴ de información de colexiados e/ou encargantes, tanto por parte de autoridades xudiciais como de Facenda. Especialmente os requiridos por Facenda, polo laboriosos, importantes e exhaustivos que resultan, consumiron unha importante cantidade de recursos.

Auditoría LOPD e novo regulamento interno

Realizouse a auditoría bianual obrigatoria pola Lei Orgánica de Protección de Datos. Aproveitouse a circunstancia para redefinir varios dos aspectos relacionados co cumprimento da lei e do recente decreto de abril de 2008:

Nova declaración de arquivos á Axencia (12). Entre eles, está a declaración do arquivo público de colexiados.

Novo regulamento interno de protección de datos.

Manual para empregados, preguntas e respostas máis frecuentes.

Como paso previo e como peche do proceso de revisión, realizáronse xornadas de información e sensibilización para todos os empregados na Sede Central e nas delegacións de Vigo e Coruña.

⁴ Xa que logo difíciles de sistematizar.

CSCAE: estadísticas e base de datos de colexiados

Enviáronse as novas follas de estadísticas da edificación requiridas polo CSCAE, así como os distintos ficheiros coa base de datos de colexiados.

Licencia dixital

Retomáronse os contactos co Concello de Vigo para estudar os mellores mecanismos para a tramitación da licenza dixital municipal. En concreto, decidiuse lanzar como proxecto piloto a tramitación íntegra das Inspeccións Técnicas de Edificios (ITEs) en formato dixital.

Xestión de contidos

Analizáronse os distintos sistemas existentes no mercados sobre xestión de contidos, co fin de racionalizar e facer máis áxil a consulta e actualización da información de xestión dende calquera punto de Internet.

Formación

Realizáronse cursos de formación en dúas aplicacións, polo importante papel que estas xogan na xestión colexial:

ERP Microsoft Dynamics Navision (5SP1): 28 horas.

Qlikview (usuario): 12 horas.

Todos os membros do Departamento de Informática asistiron ós cursos de formación.

Traslado do Departamento

Por motivos de organización, o Departamento de Informática trasladouse por completo ó baixo cuberta da Sede Central. Realizáronse as correspondentes tarefas de traslado de material e postos de traballo.

Aplicación de xestión de incidencias

Dende a segunda metade de 2008 todos os membros do Departamento están utilizando una nova ferramenta para o rexistro e análise de tarefas e incidencias. Con isto, ademais dun mellor seguimento da actividade, posibilitase unha realimentación que permite a constante mellora do traballo e dos servizos prestados.

Manuel Ángel Da Cruz Blanco
Director de Área, Departamento de Informática

BIBLIOTECA

*Responsable da Biblioteca D. César Coll Nuez
Bibliotecaria Clara Brea Bermejo*

FONDO BIBLIOGRÁFICO BIBLIOTECA COAG

A Biblioteca ingresou 365 novos libros alcanzando un total de 10.365 volúmenes (non incluídas as revistas) durante o exercicio 2008, por medio da compra, o intercambio e a doazón. Renováronse tódalas subscricións ás publicacións periódicas. Ós libros e revistas ingresados déuselles o tratamento técnico correspondente.

ESTADÍSTICA DE PRÉSTAMO

Prestáronse un total de 3.512 documentos, inclúense nesta cifra o préstamo a domicilio, en sala, o material audiovisual, préstamo interbibliotecario e tamén como préstamo as renovacións. Este resultado significa un pequeno aumento con relación o exercicio do 2007, e unha xeneralización do uso do préstamo.

USUARIOS NO COLEGIADOS

A Biblioteca da Sede do COAG aséntase como un centro de documentación especializado en arquitectura, construción, urbanismo, paisaxismo e arte. Un ano máis aumentaron os usuarios non arquitectos colexiados, procedentes das seguintes institucións:

- Estudantes da ETSA de Universidade da Coruña e de outras Escolas de Arquitectura para a preparación de traballos, Proxecto Fin de Carreira, e Doutoramento
- Investigadores e estudosos da arquitectura de Galicia
- Alumnos da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela, da sección de Historia da Arquitectura, para a elaboración de fichas da arquitectura contemporánea.
- Terceiro Ciclo USC (Doutoramento)
- Cuarto Ciclo da USC (programa de formación dirixido a alumnos maiores de 50 anos)
- Estudantes e profesores da Escola de Artes e Oficios Mestre Máteo
- Profesores da ETSA da Coruña da UDC
- Profesores da Facultade de Historia da USC
- Alumnos e profesores da Escola de Arquitectura do CESUGA (A Coruña)
- Alumnos do Máster de Renovación Urbana e Rehabilitación organizado polo Consorcio de Santiago e a Universidade de Santiago de Compostela.
- Arquitectos non galegos na procura de información sobre a arquitectura recente en Galicia.

COLABORACION ENTRE BIBLIOTECAS DE ARQUITECTURA

A través da rede de colaboración e cooperación organizada por la Asociación de Bibliotecas y Bibliotecarios de Arquitectura (ABBA) prodúcese un intercambio de información entre ás distintas bibliotecas colexiais. Ponse así en uso común os fondos de tódalas bibliotecas especializadas en arquitectura de España.

SERVIZOS QUE OFERTA A BIBLIOTECA ÓS COLEXIADOS

PRÉSTAMO

Préstamo a domicilio:

Préstamo por valixa: *envío dos libros solicitados a calquera das Delegacións, sen custo algún para o colexiado.*

Préstamo enviado directamente ó domicilio particular ou estudio, co pago de unha tarifa especial negociada cunha empresa de transporte.

Servizo de escaneo e envío a través do correo electrónico de imaxes ou artigos solicitados polos colexiados. Cando a urxencia ou o volume de información que requirían os colexiados era pequeno, ofrécese esta opción para recibir a información. Evitábase así a saturación da valixa e a entrega rápida da información solicitada

Préstamo en sala: *usuarios que acceden para consultar os fondos, arquitectos colexiados e outras persoas con interese nos fondos da Biblioteca Colexial, sobre todo estudantes.*

Préstamo interbibliotecario: *Consólidase o préstamo entre as Bibliotecas de Colexios de Arquitectos e outras especializadas en arquitectura de España. Atendendo as normas que regulan este tipo de préstamo envíase as monografías ou publicacións periódica solicitadas ou ben as fotocopias (atendendo á legalidade), arquivos en pdf oU fax. Este préstamo faise tamén entre a Biblioteca de Sede e as das Delegacións do COAG.*

INFORMACIÓN BIBLIOGRÁFICA

A tódolos arquitectos, alumnos, se lles asesora e colabora nas buscas bibliográficas sobre os proxectos ou información que precisen.

Tramítáronse exceptuando las consultas ordinarias, un total de 264 solicitudes de información bibliográfica, relacionadas con concursos de arquitectura e coa colaboración e axuda que se lle ofrece a aqueles colexiados que realizan traballos de investigación, estudos de doutoramento, cursos, masters, etc.

Nos casos que así o solicitaban facilitouselles o préstamo dos libros existentes na Biblioteca Colexial, e sempre toda a información que se lle poidera aportar como artigos en revistas, páxinas web, etc.

O uso deste servizo con respecto o exercicio anterior, incrementouse. Os colexiados acceden a este servizo, e reciben contestación por correo electrónico, fax ou teléfono.

FORMACIÓN DE USUARIOS

Os arquitectos que o solicitan reciben formación nas seguintes sistemas de busca de información

- Bases de datos de acceso libre
- Catálogos de Bibliotecas de Arquitectura
- Buscadores de Arquitectura
- Estratexias de busca en internet

DIFUSIÓN SELECTIVA DE INFORMACIÓN (DSI)

A Biblioteca oferta un servizo de Difusión Selectiva de Información a través deste canal comunícaselle os colexiados suscritos información relacionada coa Arquitectura, a Construción e o Urbanismo, é de varios tipos: páxinas web interesantes e de calidade, conferencias, xornadas, documentais, publicacións, e toda aquela información que pode ser de interese para os usuarios da Biblioteca.

O número de suscriptores deste servizo incrementouse o longo do ano 2008, sen recibir ningunha solicitude de baixa.

O BLOG DA BIBLIOTECA DO COAG

Seguindo a iniciativa doutros departamentos do COAG, a Biblioteca optou pola creación dun blog como ferramenta de difusión da información de interese para os colexiados.

En novembro de 2008 publicouse a primeira entrada do Blog da Biblioteca, e con anterioridade levouse a cabo o contacto cos posibles colaboradores e plasmouse por escrito unha declaración de intencións e unhas normas.

COLABORACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓNS

Aula de Rehabilitación, Master de Renovación Urbana e Rehabilitación, organizado polo Consorcio de Santiago e a Universidade de Santiago de Compostela. A Biblioteca colabora coa organización do master e cos alumnos do mesmo, facilitando información e acceso a biblioteca para a documentación dos proxectos que teñen que presentar, xa sexan colexiados ou non colexiados.

Outras Bibliotecas de Arquitectura : *Mantivéronse relación e colaboración con outras Bibliotecas de Colexios de España co fin de intercambiar información solicitada polos colexiados.*

Outras Bibliotecas especializadas: *Colaborouse con Bibliotecas Especializadas de Santiago como Biblioteca do CGAC, da Fundación Eugenio Granell, Consello da Cultura Galega facilitando información bibliográfica solicitada por estos centros ou polos seus usuarios.*

Departamento, Comisións do COAG : *A colaboración foi tamén cos distintos departamentos, comisións ou delegación do COAG, facilitando información para a planificación de viaxes de arquitectura, Día Mundial da arquitectura, CAT, etc.*

OUTRAS ACTIVIDADES REALIZADAS POLA BIBLIOTECA

PROXECTO “ORGANIZACIÓN Y GESTIÓN BIBLIOTECAS COLEGIALES”

O Responsable e a Bibliotecaria da Biblioteca Colexial, César Coll Nuez e Clara Brea continúan coordinando o grupo de traballo “Comisión para la Coordinación de Bibliotecas Colegiales” da Asociación de Bibliotecarios y Bibliotecas de Arquitectura (ABBA), no que se desenvólven os seguintes proxectos:

CPCAE, Catálogo de Publicaciones de los Colegios de Arquitectos de España
CCBCAE, Catálogo Colectivo de Bibliotecas de Colegios de los Arquitectos de España
Encuesta Bibliotecas de Colegios de Arquitectos

XORNADAS DE BIBLIOTECAS DE ARQUITECTURA, CONSTRUCCIÓN E URBANISMO

O Bibliotecaria Clara Brea asistiu, representando o COAG, ás XIX Jornadas ABBA celebradas no ano 2008 en Toledo, sendo o Colegio Oficial de Arquitectos de Castilla-La Mancha, e a súa Delegación de Toledo o anfitrión.

O persoal da Biblioteca do COAG participou e colaborou na organización das Xornadas, aportando a experiencia de ter organizado a edición anterior.

Nesta edición o tema a tratar foi: **MARKETING Y SERVICIOS DE DIFUSIÓN XIX Jornadas ABBA - Toledo 2008**

PROGRAMA DAS XIX JORNADAS ABBA 2008

Viernes, día 7 de noviembre

09.00-09.30 Recepción y entrega del material.

09.30-10.00 Bienvenida y presentación de las Jornadas
Carlos Martínez Criado. Presidente Demarcación Toledo COACM Neus Vilaplana.
Vicepresidenta de ABBA

10.00-11.00 Idear, implantar y desarrollar un plan de marketing en una biblioteca híbrida. Julio Macías. (Biblioteca Universidad Politécnica Carlos III de Madrid)

11.30 - 12.00 Visita Biblioteca de Castilla-La Mancha, guiada por Alicia Arellano

12.00-12.30 Nuevas perspectivas en nuestras bibliotecas a partir de los servicios de la web social. Julen Zabala (Biblioteca ETSA Universidad del País Vasco)

12.30 -13.00 El blog: otra forma de comunicación y marketing. Ana Isabel Moreno Perpiñá, Elvira Ordóñez Cocoví. Biblioteca de Arquitectura de la Universidad de Sevilla

13.30 Visita Archivo Municipal de Toledo

16.00 -17.00 Ruta de Arquitectura Contemporánea de Toledo

17.30-18.00 Visita Biblioteca Universidad C-LM. Guiada por Marta Navascués, Directora

18.00-20.00 Taller del Blogs. Taller práctico de iniciación.

Primeros pasos para la elaboración de un blog como herramienta de difusión para una biblioteca de Arquitectura. JULEN ZABALA. (Biblioteca ETSA Universidad País Vasco)

Sábado, día 8 de noviembre

09.00 -10.00 Taller de Catalogación de recursos electrónicos

Nuria Gil. (Biblioteca Colegio O. Arquitectos Cataluña. Demarcació Barcelona)

10.00 -11.00 Asamblea ABBA

11.30 - 12.00 Presentaciones de Bases de Datos de interés como servicio de difusión :

“El cine en las Revistas de Arquitectura españolas” JORGE GOROSTIZA, Arquitecto, ANA PÉREZ (Biblioteca Colegio Arquitectos Canarias.Tenerife).

Los trabajos de la Comisión como herramienta de difusión de las Bibliotecas Colegiales. CLARA BREA BERMEJO (ABBA. Comisión para la Cooperación de Bibliotecas Colegiales)

12.00-13.30 Mesa Redonda: Título: Servicios de Difusión.

Cómo difundimos nuestras Bibliotecas- Comunicación de Experiencias. Moderadora: Ana Busom. Busom (Biblioteca Dirección General Patrimonio Cultural. Generalitat)

_Neus Vilaplana. (Biblioteca ETSAB- UPC). Experiencia de la Biblioteca de la ETSAB.

Actuaciones de marketing.

_ANA BELÉN DÍAZ-REGUERIO. MIRIAM RECIO MONTOYA (biblioteca Colegio Oficial Arquitectos de Madrid). Experiencias de difusión de la Biblioteca del Colegio de Arquitectos de Madrid (COAM)

_MARGARITA ESCOTET. (Biblioteca Colegio de Arquitectos de Asturias).
Un pequeño manifiesto

Na celebración da Asamblea de ABBA nomeouse a Clara Brea Vicepresidenta da Asociación, como recoñecemento a implicación e o traballo feito pola Biblioteca do COAG en tódalas actividades da Asociación.

César Coll Nuez
Vocal Xunta de Goberno

COMISIÓN DE VISADO

MEMBROS DA COMISIÓN

Os arquitectos que durante este período formaron parte da Comisión de Asesoramento Tecnolóxico son os seguintes:

Presidente	D. Antonio Freire Romero
Coordinador Técnico Xunta de Goberno	D. Alberto Escobar Molinero

PERSOAL DA COMISIÓN

Arquitectos de Visado

Ferrol	D. Victor López Pérez de Gamarra
A Coruña	D. Alejandro Ucha Dolz del Castellar D. Rafael Pier Romero. Dña. Rocío Lamas Pérez Cepeda.
Lugo	Dña. Cristina López Eimil
Ourense	D. Andrés Vaquero Pampín
Pontevedra	Dña. Paula Rivera Lamata.
Santiago	D. Carlos H. Fernández Coto
Vigo	D. Enrique Urdiales de Santiago. D. Anxo de la Puente Fernández. Dña. Elena Clavería Fontán

Colaboración especial
D. Alberto Unsain González de Suso.
D. Luís Álvarez Fernández

ÁMBITO DE TRABALLO

A Comisión de Visado, pese a non aparecer en estatutos, ten un espazo concreto e determinante en relación coa actividade colexial.

As súas funcións están no regulamento existente ao efecto: www.coag.es/visado

O traballo que se desenvolve na mesma obedece a un único criterio, optimización de todas as tarefas da actividade do visado, para dar o mellor servizo posible aos colexiados e que dispoñan da mellor atención posible, en asesoramento, revisión de expedientes e orientación profesional.

Ademais persegue normalizar a actividade vinculada co exercicio profesional e as administracións.

Á vez que radica o seu peso específico na función social.

LIÑAS DE ACTUACIÓN

As liñas de actuación seguidas pola comisión durante este período consistiron en:

1. Asesoramento a colexiados
2. Revisión de expedientes
3. Normalización de procesos externos.
4. Atención ao cidadán.

REUNIONS

1. REUNIÓNS DA COMISIÓN DE VISADO

As reunións desenvolvéronse segundo o seguinte calendario:

30/01/2008

08/03/2008

24/04/2008

28/04/2008

09/06/2008

09/06/2008 Visado Dixital

12/09/2008

24/11/2008

15/12/2008

Entre outros tratáronse os seguintes temas:

1. Documentación básica colexial.
2. Circular Lei do Solo.
3. Actividade visado, valoración de custes.
4. Alcance do visado en relación co DB SI, DB SU e Seguridade. Xustificación gráfica e escrita.
5. Control técnico do proxecto. Servizos voluntarios.
6. Anexo de edificación e visado.
7. Sinaturas do proxecto e LCAP.
8. Certificado final de obra, observacións e avisos.
9. Informe de adaptación á LOUGA.
10. Libro de Ordes, extravío.
11. Circular 47, nova redacción.
12. Valoración dos descontos en proxectos reformados.
13. Proxectos parciais, visado e alcance.
14. Obras de edificación por fases.
15. Resolución de expedientes a petición de colexiado.
16. Tramitación de expedientes en base a novo planeamento en trámite.
17. Normas do Hábitat, tramitación. Convenio Consellería de Vivenda e Solo.
18. Finais de obra con modificacións.
19. Visado con etiquetas, proposta de supresión.
20. Plan de formación de VD.
21. Xestión de documentación en papel de expedientes VD.
22. Selos colexiais, reconsideración.
23. Impresos colexiais, actualización.
24. Incompatibilidades e a lei 7/2007.
25. Visado e LAEAS.
26. Certificado de visado
27. Tipos de visado.
28. Fichas de autocontrol.
29. Visado de Obra Oficial. Referencia para cálculo de achegas. Prazos.
30. Programa MEMORIAS, reestruturar e revisar por arquitectos de visado.
31. Renuncias de expedientes.
32. Seguridade e saúde, nova valoración, novas actividades.
33. Expedientes pendentes de cobro e visados. Encomenda da Xunta de Goberno.
34. Novo documento: acta de replanteo.
35. Xeotécnico e visado. Informe asesores cte.
36. Entrada en vigor EHE.
37. Expedientes visados por Xunta Directiva.
38. Web visado.

VISADO DIXITAL

Adxúntase informe do arquitecto responsable do servizo de atención ao colexiado no procedemento de tramitación de expedientes de Visado Dixital.

Luís Álvarez Fernández
arquitecto

Evolución

O visado dixital experimentou un gran crecemento ao longo dos anos 2007, 2008, e 2009, dende o 20% do total de todos os expedientes tramitados no COAG en 2006 ata máis do 50% en decembro de 2008.

Este aumento de usuarios e o conseqüente aumento do volume de traballo repercute en todos os niveis dos labores de asistencia, mantemento e evolución do sistema.

A asistencia técnica inclúe incidencias relacionadas directamente con informática, tesouraría e visado ademais das propias do manexo do sistema de visado dixital, realizando un filtrado total de cara aos colexiados.

ano	Colexiados que visaron algún documento dixitalmente.
2004	16
2005	150
2006	283
2007	549
2008	770
Hasta 05/2009	742

Total de colexiados que han tramitado algún documento dixitalmente hasta 2009: 974

Ademais das tarefas cotiás de asistencia telefónica ou remota mediante a aplicación de soporte remoto "inquiero" aos colexiados tamén se realizan outras labores como son:

Soporte interno, asistencia e coordinación do persoal e dos arquitectos de visado nas distintas delegacións.

Revisión da entrada e asignación de expedientes dixitais redirixindo e reorganizando documentación nos casos nos que foi necesario.

Retencións e asignacións urxentes previa asignación a arquitectos de visado.

COAGEstudio

Publicáronse 4 versións de COAGEstudio, introducindo os trocos necesarios para facer máis eficiente e usable o programa, así como para incorporar os trocos funcionais precisos para unha correcta presentación a trámite. demais, realizáronse versións específicas para o sistema operativo Windows Vista (32 e 64 bits).

En canto ó nivel de servizo, e inda co importante incremento de usuarios, acadouse unha práctica estabilización e garantía do mesmo, ademais de mellorar a eficiencia no intercambio da información.

Algúns datos técnicos do 2008:

Sincronizacións: 50.082

Usuarios distintos 2008⁵: 753

Arquivos pdf intercambiados: 571.864

Tamaño Arquivos intercambiados: 240 Gb

Envíos/Recepcións de información (primeiro intento):

5 Sobre un COAGEstudio pode traballar máis de un arquitecto.

Sen erro: 95%

Con erro: 5%, dos cales⁶:

0,88% erros no servidor do COAG (lóxicos, de sobrecarga, corte conexión, ...)

4,22% erros debidos a cortes na conexión do estudo (liña, antivirus, arquivos moi pesados, ...)

Mellora de tempo no método de sincronización: 60%.

Charlas técnicas aos Colexiados 2008 y 2009

Nas charlas técnicas explicouse de forma concreta o funcionamento xeral do visado dixital. Tratáronse todos os aspectos relativos ao proceso de xestión de expedientes mediante este sistema, dende a creación dos arquivos pdf, ata exemplos prácticos de creación e envío dun proxecto, pasando pola instalación e manexo do propio programa COAGEstudio.

Realizáronse 7 charlas de visado dixital entre o mes de maio e xuño de 2008:

Centro	Data	Asistentes
Ferrol	14/05/08	50
Vigo	22/05/08	70
Lugo	28/05/08	30
Pontevedra	03/06/08	41
A Coruña	05/06/08	38
Santiago	09/06/08	39
Ourense	11/06/08	28

Realizáronse 8 charlas entre o mes de abril e maio de 2009:

Centro	Data	Asistentes
Lugo	14/04/09	30
Ferrol	15/04/09	28
Ourense	21/04/09	36
Pontevedra	23/04/09	15
Santiago	27/04/09	29
Vigo	30/04/09	33
A Coruña	06/05/09	70
A Coruña	13/05/09	50

Redacción do sistema de Visado Dixital

Realizáronse varias presentacións da ferramenta de visado dixital cara outros colexios de arquitectos de España, Xunta, principais concellos de Galicia, etc.... Nestas, expoñíase o funcionamento, vantaxes, e resultados do sistema de xestión dixital de expedientes.

6 En calquera caso, son erros que, na súa maior parte, se arranxan voltando a sincronizar.

Redacción dos manuais do COAG-Estudio

Logo das últimas actualizacións levadas a cabo no sistema de visado dixital, redactáronse novamente os manuais de funcionamento e manexo do programa de visado dixital COAG-Estudio. Así mesmo creouse un apartado de preguntas frecuentes onde se recollen as principais incidencias resoltas. Todo isto atópase publicado e actualizado na web de visado dixital.

Nova web de Visado Dixital

O espazo web destinado a Visado Dixital existente na web do COAG quedouse insuficiente para o gran número de usuarios. Polo tanto, reformouse completamente o espazo Web, o aspecto visual, o funcionamento e o contido completo, para facilitar a asistencia aos colexiados. Toda a documentación relacionada co visado Dixital, dende os manuais, acceso os expedientes, ata o propia aplicación informática atópase dispoñible na nova web.

Sistema automático de reparto do traballo en Visado Dixital

Ademais do reparto automático e desasistido, fixéronse intervencións manuais na asignación cando concorían circunstancias que así o xustificasen (ausencia imprevista de recursos, carga excesiva, ...)


Xestión automatizada e homoxénea das ITE do convenio co IGVS

Realizouse o seguimento do visado e informe do proceso de todos os documentos de ITE tramitados no mes de xaneiro en virtude do convenio co Instituto Galego da Vivenda e o Solo. Esta tarefa realizouse en colaboración co Coordinador Técnico da Xunta de Goberno.

Evolución do Visado Dixital cara o Visado Físico dende 2006

Co fin de conseguir unha estatística mais real, compútanse so os expedientes novos iniciados con algún tipo de documento da lista seguinte (por exemplo evitáronse as ITEs, os documentos comezados en visado físico e continuados en dixital, etc...)

EVOLUCIÓN PORCENTUAL VF vs VD



COMPÚTANSE OS EXPEDIENTES NOVOS INICIADOS CON ALGÚN TIPO DE DOCUMENTO DA LISTA SEGUINTE

Anteproxecto	Parcelación / Segregación
Deslinde / Medición de Terreo ou Edificación	Proxecto de Urbanización
Expediente de Legalización	Taxación / Valoración
Proxecto Básico	Derrubo
Proxecto Básico e de Execución	Informe Pericial (Xulgado)

Porcentajes				Números					
Ano	Mes	VD	VF	Ano	Mes	VD	VF	Total general	
2006	1	9,26%	90,74%	2006	1	108	1058	1166	
	2	14,97%	85,03%		2	135	767	902	
	3	12,71%	87,29%		3	161	1106	1267	
	4	14,52%	85,48%		4	134	789	923	
	5	17,51%	82,49%		5	217	1022	1239	
	6	11,23%	88,77%		6	145	1146	1291	
	7	15,58%	84,42%		7	182	986	1168	
	8	18,42%	81,58%		8	240	1063	1303	
	9	17,54%	82,46%		9	453	2130	2583	
	10	16,40%	83,60%		10	73	372	445	
	11	20,33%	79,67%		11	134	525	659	
	12	20,34%	79,66%		12	155	607	762	
Total 2006		15,59%	84,41%	Total 2006		2137	11571	13708	
2007	1	17,24%	82,76%	2007	1	176	845	1021	
	2	23,16%	76,84%		2	211	700	911	
	3	19,66%	80,34%		3	424	1733	2157	
	4	24,55%	75,45%		4	178	547	725	
	5	24,47%	75,53%		5	264	815	1079	
	6	23,07%	76,93%		6	230	767	997	
	7	25,34%	74,66%		7	264	778	1042	
	8	26,04%	73,96%		8	219	622	841	
	9	25,03%	74,97%		9	197	590	787	
	10	27,24%	72,76%		10	274	732	1006	
	11	28,05%	71,95%		11	246	631	877	
	12	29,66%	70,34%		12	261	619	880	
Total 2007		23,89%	76,11%	Total 2007		2944	9379	12323	
2008	1	29,22%	70,78%	2008	1	296	717	1013	
	2	32,04%	67,96%		2	289	613	902	
	3	31,94%	68,06%		3	749	1596	2345	
	4	33,84%	66,16%		4	331	647	978	
	5	34,75%	65,25%		5	221	415	636	
	6	31,68%	68,32%		6	205	442	647	
	7	34,53%	65,47%		7	260	493	753	

	8	35,91%	64,09%		8	195	348	543
	9	39,25%	60,75%		9	230	356	586
	10	32,28%	67,72%		10	236	495	731
	11	39,83%	60,17%		11	239	361	600
	12	41,88%	58,12%		12	289	401	690
Total 2008		33,96%	66,04%	Total 2008		3540	6884	10424
2009	1	43,68%	56,32%	2009	1	221	285	506
	2	48,52%	51,48%		2	311	330	641
	3	51,81%	48,19%		3	373	347	720
	4	45,79%	54,21%		4	359	425	784
	5	51,91%	48,09%		5	68	63	131
Total 2009		47,88%	52,12%	Total 2009		1332	1450	2782
Total general		25,37%	74,63%	Total general		9953	29284	39237

CIRCULARES DE VISADO

Durante o ano 2008 elaboráronse 4 circulares de visado tratando os temas específicos e trasladando os acordos ratificados polo Xunta de Goberno.

RECURSOS

A financiación da actividade de visado vense resolvendo segundos criterios establecidos dende a súa creación e cos axustes puntuais.

Na actualidade e coa cuantificación dos costes de tramitación estase a redactar a proposta correspondente que permita axustar os recursos humanos e técnicos suficientes.

Antonio Freire Romero
 Presidente da Comisión de Visado
 Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

COMISIÓN DE ASESORAMIENTO TECNOLÓGICO

MIEMBROS DE LA COMISIÓN

Los arquitectos que durante este período han formado parte de la Comisión de Asesoramiento Tecnológico son los siguientes:

Decano	D. Celestino García Braña
Secretario	D. Alfredo González Cascallana

Delegados

Ferrol	Dña. Eduardo Alonso Lois
A Coruña	Dña. Luisa Orro Bello
Lugo	D.. Roque Álvarez Arosa
Ourense	D. Diego González Naval
Pontevedra	D. José Manuel Fernández Barreira
Santiago	D. Baltasar Otero Gómez
Vigo	D. Antonio Hernández Crespo

Representante de la Junta de Gobierno	D. Alberto Escobar Molinero
---------------------------------------	-----------------------------

Director	D. Alberto Redondo Porto
Coordinadora	Dña. Gema Barral Rodríguez
Responsable de formación	D. Santiago García Suárez
Apoyo a formación	Dña. M ^a Teresa Lorenzo Álvarez

PERSONAL DE LA COMISIÓN

Administrativa	Dña. Carmen Corzón Trillo
Asistente informático	D. José Manuel Torres Ferreiro

ÁMBITO DE TRABAJO

La Comisión de Asesoramiento Tecnológico desarrolla su actividad en las áreas de:

Tecnología de la Construcción y de la Información.
Como asesor en Asuntos Profesionales.

LÍNEAS DE ACTUACIÓN

Las líneas actuación seguidas por la comisión durante este período han consistido en:

1. Desarrollo y potenciación de los servicios y actividades básicas de la Comisión:
Formación.

Distribución de Publicaciones Técnicas
Compras Colectivas de Software
Servicio de Ayudas y Subvenciones
Circular de la CAT
Página Web de la CAT

2. Coordinación de las actuaciones realizadas en las delegaciones en materia de asesoramiento tecnológico

3. Representación del Colegio de Arquitectos de Galicia en las reuniones del Comité Técnico de la Coordinadora Nacional de Centros de Asesoramiento Tecnológico del Consejo Superior de Arquitectos.

REUNIONES

1. REUNIONES DE LA COMISIÓN DE ASESORAMIENTO TECNOLÓGICO

Periódicamente se han realizado reuniones de la Comisión con la asistencia de su presidente, los representantes de cada delegación, el representante de la Junta de Gobierno, el director, la coordinadora y, en función de los temas a tratar, el responsable de formación o el de publicaciones.

El contenido de estas reuniones se ha centrado en:

- a. Informar a los representantes sobre la actividad desarrollada por la CAT de Sede
- b. Establecer las directrices de actuación de la Comisión
- c. Coordinar la actividad de la Comisión desarrollada en las Delegaciones del COAG

Durante el año 2008 se ha realizado 1 reunión de la Comisión en Santiago de Compostela el 11 de noviembre de 2008.

FORMACIÓN

A continuación se relacionan los cursos impartidos durante el año 2008 en las diferentes delegaciones del COAG, agrupados según la categoría a la que pertenecen: Cursos del Plan de Formación Permanente, Cursos de Normativa, Cursos Especiales y Cursos de Postgrado.

Plan de Formación Permanente

7/11/08 Remisión de Junta de Gobierno para su estudio por la Agrupación en el Juzgado de 1ª Instancia e Instrucción nº 2 de Pontevedra protagonizado por el arquitecto perito D. José Bar Blanco. Se estudia y media en el asunto.

29/10/08 El presidente de la agrupación inicia contacto con el titular del Juzgado de Instrucción de 1ª Instancia de Pontevedra, para resolver el incidente.

- 17/11/08 Junta directiva, programación actividades del año 2009.
- 25/11/08 Convocatoria para la inscripción en las listas de peritos de año 2009 en las circulares 132, 133 y 134.
- 26/11/08 Charlas con los Jueces y fiscales, celebrada en Vigo organizada en Vigo con el fin formativo y de divulgación, siendo los conferenciantes:
 D. Julio Díaz Casales.
 Magistrado TSXG de lo Contencioso Sección 2ª A Coruña.
 D. Julio Picatoste Bobillo.
 Magistrado Sección 6ª de la Audiencia Provincial de Pontevedra con sede en Vigo.
 D. Juan Carlos Aladro.
 Fiscal Coordinador de la Fiscalía en Vigo de Medio Ambiente y Territorio.
- 22/12/08 Junta directiva. Debate sobre el informe emitido por la asesoría jurídica en relación al Texto propuesto por la Agrupación para el nuevo reglamento. Sólo se incorporan las sugerencias 1ª y 3ª, manteniéndose el texto en todos los demás extremos, por entender que el resto de las sugerencias son contrarias al espíritu del texto del Reglamento, que han merecido la aprobación de esta Junta, siguiendo el criterio apuntado de forma reiterada por Jueces y Magistrados, en todas las Jornadas celebradas hasta hoy del CGPJ – CSCAE, que ha sido recogido en todos los nuevos Reglamentos ya aprobados por las diferentes Agrupaciones de la Unión, por cuanto con los requisitos mínimos exigidos en estos, lo que se pretende conseguir una mayor cualificación de los peritos en beneficio de la Administración de Justicia y en definitiva de la sociedad a la que sirven.

Por último, la Agrupación ha estado representada por su presidente en todas las reuniones de la Junta directiva de la UAPFE, asistiendo a las mismas en su calidad de vocal, trasladando a ésta, al igual que en años anteriores, todos los asuntos e iniciativas de interés que han surgido en nuestra demarcación y recogiendo aquellas otras que se han propuesto e impulsado en las demarcaciones que constituyen la Unión, con el fin de aprovechar todas las iniciativas validas. Así, al igual que se puso en marcha el acceso a la web de la ley para todos los peritos de la Unión, se está terminando de preparar un servicio "ONLINE" para consultas sobre patologías, esperándose que sea una realidad antes de terminar el 2009. La relación de las reuniones de la Junta directiva de la Unión celebradas es la siguiente:

7 de Marzo de 2008, en Sevilla / 6 de Junio de 2008, en Almería / 3 de Octubre de 2008, en Valencia / 12 de Diciembre de 2008, en Madrid

En estas reuniones además de los asuntos ordinarios, se ha ido perfilando el temario, programa y contenido, así como todos los otros asuntos que surgen alrededor de las jornadas bianuales que celebramos entre CGPJ y CSCAE y que organiza la Unión, siendo las próximas (VII) en Noviembre de 2009, enfocadas fundamentalmente a la problemática de lo Contencioso-Administrativo, y que se celebrarán en Palma de Mallorca.

En definitiva, la Agrupación sigue incidiendo en la línea de años anteriores, con el fin de ir aunando esfuerzos y voluntades, que consigan articular iniciativas en el terreno de la pericia o en cualquiera de los frentes que esta abarca o abarcará, con la convicción de que es la única actitud posible, la cual nos servirá de siembra para que, en un día que esperamos no muy lejano, nos dé los frutos que todos deseamos.

César Jiménez López
 Presidente de la Agrupación de Arquitectos Peritos y Forenses de Galicia

DELEGACIÓN DE A CORUÑA

1.- XUNTA DIRECTIVA

A Xunta Directiva da Delegación, dende as eleccións celebradas o día 11 de Maio de 2007, está constituída por:

Presidente: D. MANUEL de la IGLESIA PÉREZ
Secretario: D. PEDRO TABOADA de ZÚÑIGA CAMPOS.
Tesoureiro: D. JORGE SALGADO CORTIZAS.

Se celebraron un total de 26 reunións da Xunta Directiva tratándose 180 asuntos.

2.- A DELEGACIÓN

A Delegación da Coruña ten adscritos a data 31 de decembro de 2008 un total de 1120 colexiados.

Se tramitaron 11.015 documentos, correspondendo a novos expedientes abertos en 2008 un total de 2.078. A incidencia da entrada en vigor das Normas do Hábitat Galego foi importante; do total de novos expedientes corresponden ao período xaneiro/ 17 de abril, 987 expedientes, un 47.5% , mentres que no período 17 abril/ 31 de decembro, se presentaron 1.091 expedientes. Os ingresos xerados para o COAG por expedientes tramitados ascenden a 1.308.492 €.

Se celebraron un total de tres reunións de Xunta de Delegación, os días 8 de abril, 15 de maio e 2 de decembro.

O cadro de persoal a 31 de decembro, está formado por 10 persoas, si ben, Delia Valcarcel cesa ese día por finalización de contrato. Con efectos 31 de outubro se acolle a xubilación parcial Antonio Díaz Vidal, que é substituído pola arquitecta Cristina Fernández Cid. Polo tanto, o actual cadro de persoal está formado por 9 persoas, 5 con funcións de carácter administrativo e 4 arquitectos.

Se enviaron un total de 16 circulares de información xeral e 24 de planeamento con información urbanística.

As funcións desenvoltas pola Delegación estiveron orientadas ao visado de expedientes, asesoramento legal e técnico dos colexiados, relacións coas diferentes administracións e público en xeral, ademais do traballo realizado polas Comisións de Cultura, CAT, e Planeamento. Os servizos prestados son os que seguen.

SERVIZOS INTERNOS

Asesoramento en materia de instalacións.

Presta este servizo María Jesús Dios, atendendo as consultas presenciais os mércores en horario de 16.30 horas a 20.30 horas. Tamén resolve consultas formuladas vía correo electrónico. A partir de xaneiro de 2009, o horario de consultas presenciais é de 17 horas a 19 horas os mércores.

Asesoramento en materia de estruturas.

Está ao fronte deste servizo Jorge Aragón Fitera. Resolve as consultas presenciais os mércores en horario de 16.30 horas a 20.30 horas. A partir de xaneiro de 2009 o horario de atención é de 17 a 19 horas os mércores. As consultas pódense tramitar tamén vía correo electrónico.

Asesoría xurídica.

Atende este servizo Andrés Salgueiro Armada, asesor xurídico da Delegación. O horario de consultas presenciais na Delegación é de 16.30 a 20.30 os mércores. A partires de xaneiro, este horario se establece de 12.30 a 14.30 horas ,os luns, e de 17 a 19 horas, os mércores. Atende tamén no seu despacho no momento que se precise, así como por teléfono e correo electrónico.

Punto de información COAG.

Está a disposición dos colexiados un ordenador no vestíbulo da Delegación, con conexión a Internet ; se pode consultar a páxina web do Colexio, descargar documentos ...

Colaboración con entidades afíns.

Hermandad Nacional de Arquitectos

HNA continúa a dispor dun local na sede da Delegación, en virtude do convenio suscrito. Atende neste despacho aos colexiados interesados nos seus servizos.

Asemas

Asemas dispón tamén dun local, en virtude do correspondente convenio.

Arquitasa

Continúa vixente o convenio con Arquitasa. A Delegación facilita a esta oficina de Taxación da que é socio o Colexio, un local para o desenvolvemento da súa actividade.

3.- COMISIONS DE TRABALLO DA XUNTA DIRECTIVA

As Comisións de Traballo da Xunta Directiva son as seguintes:

Comisión de Cultura.

Responsable Pedro Taboada de Zúñiga Campos.

Comisión de Asesoramento Tecnolóxico.

Responsable Luísa Orro Bello. Dende xaneiro de 2009, responsable da Comisión Cristina Fernández Cid.

Comisión de Planeamento.

Responsable Jorge Salgado Cortizas.

Páxina Web.

Responsable. Patricia Salorio Caramés.

A actividade desenvolta polas Comisións foi moi considerable. As comisións de Cultura e Planeamento organizaron un total de 26 conferencias e 10 exposicións. A CAT, 13 cursos, 3 conferencias e 16 charlas técnicas. Si se exclúe o mes de agosto, significa que a media de actos foi de 1.42 actos por semana

4.- RELACIÓN E COLABORACIÓN CON ENTIDADES LOCAIS

Convenio de colaboración co concello de Corcubión. Se asina o 3 de marzo de 2008. Mediante este convenio o concello encargará cando o estime conveniente ao Colexio a elaboración de informes urbanísticos; o Colexio facturará ao concello o importe que se estipule en cada caso.

Convenio de colaboración co concello da Coruña. Se asina este Convenio entre o Concello da Coruña e a Delegación, tendo por obxecto a realización dun Inventario de edificios, elementos e espazos urbanos suxeitos a algún réxime de protección. O Concello abona á Delegación o importe establecido no convenio, comprometéndose o Colexio a selección dos equipos e coordinador que leven adiante o traballo contratado. Se seleccionaron dez equipos de traballo e un coordinador. Actualmente se está no proceso de realización do traballo.

Concello de Ares. Continuase traballando neste Convenio de Colaboración para impulsar a conservación do núcleo mariñeiro de Redes. Se pretende a elaboración dun inventario de edificios e a realización dun Plan de Rehabilitación Integral. Participaría no Convenio a Consellería de Vivenda, o Concello de Ares e o Colexio.

Concello de Abegondo. Solicitud do Concello para a elaboración dun Informe relativos a valoración dos traballos realizados para o PXOU do municipio.

Concello de Betanzos. Participación nas Xornadas sobre Paisaxismo organizadas polo Concello.

Alcaldes da Provincia da Coruña. Escrito dirixido aos alcaldes da provincia ofertando a colaboración do Colexio para a formación de equipos de arquitectos para a realización dos trámites que se precisen para a execución das obras a incluír no Plan de Inversión Local. Outro escrito dirixido tamén aos Alcaldes da provincia informando dos servizos que presta a oficina de taxación ARQUITASA.(A petición de Arquitasa).

Participación no Foro de Edificación da Coruña. Asistindo as reunións convocadas polo citado foro.

5.- OUTRAS RELACIÓNS CON ENTIDADES E ASOCIACIÓNS

Arquitectos sen fronteiras Galicia. Se colabora con esta ONG nos traballos realizados sobre o Barrio de Montealto da Coruña. Tamén se realiza unha colaboración para os programas que desenvolve esta entidade en Guatemala.

Museo de Belas Artes da Coruña. Se cede en empresa a esta Entidade para a exposición " A Coruña na Arte" as seguintes obras: Acuarela do Cine Rex, traballo de Antonio Tenreiro Rodríguez, e fotografía " A Domus" de Luís Carré. O Museo colabora coa Comisión de Cultura da Delegación cedendo as súas instalacións para o desenvolvemento das xornadas "Dos Arquitecturas Alemanas 1949-1989" e Arquitectura do Ticino.

6.- NORMAS DO HÁBITAT GALEGO

A petición dun grupo de colexiados, se celebra unha Xunta de Delegación o día 8 de abril, para o debate das Normas do Hábitat Galego. Se Acorda: solicitar da consellería de vivenda e Solo de Galicia unha moratoria construtiva da aplicación do Decreto 262/2007 de 20 de decembro polo que se aproban as Normas do Hábitat Galego, para que, con toda a prudencia necesaria racionalizar e canalizar as normas cun principio moi claro: á vivenda a habitabilidade e ao espazo exterior o urbanismo, e ambos de calidade.

7.- CELEBRACIÓN DO DÍA MUNDIAL DA ARQUITECTURA

Baixo o lema “por unha arquitectura sostible” se celebra o Día Mundial de Arquitectura o día 11 de outubro. Consiste o acto nun percorrido ciclista e peonil dende a Praza de Vigo ata o Portiña, pasando pola rúa de San Andrés, Praza de España e paseo Marítimo. Colabora o concello da Coruña facilitando os medios de protección precisos. Na Coraza de Riazor se instala polo Concello unha carpa informativa.

8.- ENCONTRO ANUAL DOS ARQUITECTOS DA CORUÑA

Coincidindo coa celebración do Día Mundial da Arquitectura se celebra o Encontro Anual dos Arquitectos da Coruña, o día 11 de outubro, cunha comida que se celebra no Portiño na Coruña. Se instala a correspondente carpa para a realización do acto.

9.- INMOBILIZADO MATERIAL

Se están executando as obras de ampliación da sede colexial, no local da planta baixa do edificio emprazado en R/ Federico Tapia 62. A inauguración definitiva do novo local está previsto para o mes de Maio.

Na Xunta de Delegación celebrada o día 2 de decembro de 2008, se procede a votación dunha proposta para proceder a adquisición do local na planta baixa do edificio emprazado en R/ Pla Cancela número 13, planta superior ao soto propiedade da Delegación destinado a arquivo. Se pretende comunicar ambos locais, para poder dispor da superficie necesaria para ampliación dos actuais arquivos. Esta proposta de adquisición non resultou aprobada.

10.- APROBACIÓN DO PECHE DE CONTAS EXERCICIO DE 2007 E DO ORZAMENTO DA DELEGACIÓN PARA O EXERCICIO 2009

Se procede a aprobación do peche de contas correspondente ao exercicio de 2007 na Xunta de Delegación celebrada o día 15 de maio. O Orzamento da Delegación se aproba na Xunta de Delegación do día 2 de decembro.

11.- ASESORÍA XURÍDICA

O asesoramento xurídico a cargo de Andrés Salgueiro Armada está orientado a:
Asesoramento a Xunta Directiva, Secretaría Técnica e Xunta de Goberno cando se demandan os seus servizos.

Asistencia aos colexiados da Delegación e tamén doutras Delegacións cando o demandan atendendo consultas directas, telefónicas e por internet.

Asistencia a Xunta de Goberno cando demanda os seus servizos.

Asistencia en tribunais, tanto en litixios do Colexio como de colexiados: formulación de recursos, pregos de descargos en expedientes de reposición de legalidade, alegacións en vía administrativa.

A asistencia a Xunta Directiva e ao Servizo de Visado consiste na elaboración de informes sobre asuntos que se tratan na Delegación e asuntos relacionados co visado: denuncias de colexiados, expedientes disciplinarios, informes urbanísticos, informes sobre incompatibilidades.

A atención aos colexiados se realiza mediante consultas presenciais, telefónicas e por correo electrónico. As consultas versan normalmente sobre incompatibilidades, cuestións urbanísticas, responsabilidade civil, problemas contractuais, expedientes de reposición da legalidade. Se elaboran recursos e escritos na defensa dos intereses dos colexiados.

En representación do Colexio se asiste a tribunais normalmente en procesos contencioso-administrativos

Estatísticas.

Consultas presenciais. Media 12 semana.

Telefónicas. Media 3 diarias.

E- mail. Media 6 semana.

Reclamación de honorarios.

Asuntos iniciados en 2008. 32 novos asuntos

Resoltos de forma amigable. 12 reclamacións.

Demandas presentadas. 12 demandas.

Sentencias recibidas. 4 sentencias.

12.- ASESORÍA ESTRUTURAS

Está a cargo desta Asesoría Jorge Aragón Fitera, profesor do Departamento de Estruturas da ETSA da Coruña. A Delegación da Coruña oferta este servizo dende o mes de maio de 2005.

Alcanza aquelas consultas xerais e relativas ás estruturas de carácter ordinario en formigón armado, aceiro, fábrica e madeira, no ámbito do deseño, construción, cálculo e patoloxía. As directrices básicas desenvoltas nesta asesoría son:

A) TIPOLOXÍA DAS CONSULTAS

En termos xerais son do seguinte tipo:

Patoloxía: análise de lesións e solucións de reforzo.

Cálculo e/o solución de pezas especiais: ménsulas, apeos, escaleiras..

Deseños construtivos e estruturais: concursos de arquitectura

Execución: solución de problemas durante a execución e detalles especiais.

Solución de cimentacións e/o consulta sobre informes xeotécnicos

Solicitud de información relativa á normativa vixente.

Dúvidas no uso e interpretación de resultados de aplicacións informáticas.

Dúvidas dende as oficinas de control técnico e resposta aos seus informes.

TIPO DE CONSULTAS %

Ano 2008	Patoloxía	Cálculo	Deseño	Execución	Cimentación	Outras (*)
%	19,76%	22,01%	17,04%	13,02%	12,31%	15,86%

(*) Aplicacións informáticas, bibliografía, normativa, técnicos especialistas.

B). FORMAS DE ASESORAMENTO

Aténdese aos colexiados os mércores pola tarde na sede da Delegación, durante 2008 en horario de 16.30 a 20.30 horas; actualmente de 17 a 19 horas. As respostas por correo electrónico realízanse na maioría dos casos nun prazo inferior a 24 horas.

NUMERO DE CONSULTAS (%)

Ano 2008	e-mail	Telefónica	Presencial
Porcentaxe	54,20%	14,57%	31,23%

Nota: A media de consultas realizadas aproxímase a 3.5 semanais, si ben cabe citar un descenso no derradeiro trimestre do ano.

C) AMBITO DAS CONSULTAS REALIZADAS

Evidentemente, a presenza física da asesoría na Delegación da Coruña conleva unha elevada porcentaxe das consultas realizadas.

CONSULTAS POR DELEGACIÓNS

Ano 2008	A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo
Porcentaxe	68,80%	17,20%	4,50%	5,30%	3,80%	2,10%	5,50%

13.- ASESORÍA DE INSTALACIÓNS

Se inicia esta Asesoría no ano 2000, estando a cargo da profesora de instalacións da ETSA da Coruña, María Jesús Dios Vieitez.

Atende de forma presencial os mércores en horario de 16.30 a 20.30 horas durante o ano 2008. A partires de xaneiro, por mor da diminución do traballo, o horario de atención se establece os mércores de 17 a 19 horas. Ademais das consultas presenciais resolve tamén as cuestións formuladas vía e- mail.

Tamén asesora a Xunta Directiva e ao Servizo de Visado na elaboración dos informes que se requiran.

14.- COMISIÓNS DE TRABALLO DA XUNTA DIRECTIVA

COMISIÓN DE CULTURA

Responsable:

Pedro Taboada de Zúñiga Campos

Colaboradores:

Pilar Montaña Iglesias

Oscar Fuertes Dopico

Victor Grande Nieto

Maria Soledad Raña Calvo

Das actividades feitas pola comisión destacamos as seguintes:

CONFERENCIAS:

21 febreiro	Enrique Saez Ponte	Presentación do libro: "As novas casa galegas"
6 marzo	Víctor Fernández Freixanes	"Paisaxe e cultura da dispersión"
25 marzo	Alexandre Alves Costa	"Arquitectura e Paisaxe"
31 marzo	Teresa Táboas Veleiro	"Políticas de Vivenda en Galicia"
3 abril	Cesar Portela	Presentación do libro: "monografías 3"
16 abril	Juan Coll-Barreu	"Los Angeles 10 Paradigmas"
8 maio	Hartmut Frank	"Permanencia y cambio: el discurso arquitectónico en los dos estados alemanes"
	Fernando Agrasar	"Revivir la arquitectura: modelos y referencias en la recuperación del discurso moderno en España."
	Winfried Brenne	"Materiales y tiempo: el envejecimiento de las construcciones modernas"
9 maio	Kerstin Wittmann-Englert	"En esa pobreza ¡qué abundancia!"
	Zaida Muxi Martínez	
	Dieter Hoffmann-Axthelm	La modernidad,- un destino del siglo XX. El fracaso común de los dos estados alemanes.
27 maio	Carlos Quintáns	Presentación da revista:
	Carlos Pita	"obradoiro 33"
29 maio	Emilio Tuñon	"Obra recente"
14 outono	Encarna Otero Cepeda	"Rehabilitar a Tineria"
23 outono	Cannatá & Fernandes	"Obra Recente"
30 outono	Víctor López Cotelo	"Obra Recente"
6 novembro	Aurelio Galfetti	"Arquitectura e territorio"
	Flora Ruchat-Roncati	"O transporte e a cultura"
	Luiggi Snozzi	"Buscando o lugar, o orde en Monte Carasso"
7 novembro	Graziella Zanonne	"arquitectura ticinesa no mundo"
	Guidotti & Guidotti	"vivienda colectiva na aglomeración urbana ticinesa"
	Carola Barchi	"Construir o baleiro"
	Könz & Molo	"un, ningún, cenmil"
11 novembro	Javier Fernández Muñoz	"Rehabilitación do casco histórico de Santiago de Compostela"
20 novembro	Vicente Vitoria	"Proxectos de intervención global vivienda en Pamplona"
28 novembro	Juan Ignacio Lasagabaster	"A rehabilitación da catedral de Vitoria. o plan director"
4 nadal	Xosé Lois Martinez	"Coruña, identidade, cidade e forma urbana."
11 nadal	paola falini	"o centro histórico de Roma. "

EXPOSICIÓN

Exposición 01: A CORUÑA... SEN TÍTULO. Fotografías de Luís Caruncho

A Coruña...sen título. Fotografías de José Caruncho

10-01-2008 / 10-02-2008

"...minusvalorar -de hecho ignorar- la faceta pública de la ciudad con su corolario de intencionada complejidad, conduce a ese reduccionismo que convierte la ciudad en un simple asentamiento humano, sin otras intenciones. Esos lugares de concentración, esa acumulación de unidades que tienen un mismo uso para cumplir imprescindibles funciones, origina necesariamente una confluencia de personas. No obstante, es una aglomeración basada en la estricta funcionalidad que es de tipo tangible y material. Equivale a lo que algunos han bautizado como un no lugar. Es decir, tienen de espacio urbanístico lo mismo que pueda tener una estación ferroviaria, un aeropuerto, un hotel, un gran supermercado o un parque de atracciones, entre otros ejemplos parecidos".

"La Confusión del Urbanismo"
Joseph Oliva i Casas



A VIVENDA E A PAISAXE

Vivendas destacadas nos premios Juana de Vega de arquitectura 2004-2007

21-02-2008 / 31-03-2008

A Fundación Juana de Vega creou no ano 2004 un premio anual de arquitectura para premiar a mellor vivenda unifamiliar rematada no espazo non urbano de Galicia. A Convocatoria permite tamén a concesión de accésits.

Un obxectivo principal do premio é a difusión de exemplos de vivendas axeitadas para o espazo non urbano de Galiza, que respecten o entorno e manteñan a calidade paisaxística do territorio.

Co albo de debater a integración da vivenda no entorno natural do país, a Fundación e a Delegación da Coruña do COAG organizan as xornadas "A VIVENDA E A PAISAXE", e unha exposición "Vivendas destacadas nos premios Juana de Vega de Arquitectura 2004-2007" que permanecerá aberta ao público na sede do Colexio da Coruña do 21 de febreiro ao 31 de marzo.



vivendas destacadas nos premios Juana de Vega de arquitectura 2004-2007

A VIVENDA E A PAISAXE



LOS ANGELES 10 paradigmas

02-04-2008 / 02-05-2008



unha exposición producida pola FUNDACIÓN CAIXA DE ARQUITECTOS que recolle sesenta anos de optimismo arquitectónico da cidade de Los Angeles, a través de dez obras de arquitectura doméstica paradigmática. A elección ensina dez casas capaces de representar un modo de habitar, de entender a cidade e de cooperar á súa construción, de construír o espazo e de entender a función da arquitectura e, incluso, a misión do arquitecto. Representanse as diferentes vocacións da arquitectura de Los Angeles, tanto as obras máis alonxadas do estilo internacional como aquelas outras interpretacións da modernidade máis difundidas pola historiografía moderna e, presumiblemente, máis cercanas ó observador da exposición. Son obras dos arquitectos Greene, Irving Gill, R.M. Schindler, R. Neutra, Gregory Ain, os Eames, A. Quincy Jones, Craig Ellwood, Albert Frey e John Lautner.

A exposición presentase como a propia cidade de Los Angeles: un mosaico de fenómenos individuais conscientes da súa repercusión xeográfica, construída mediante a adición de paisaxes heteroxéneas, en ocasións opostas e incluso en loita contra o seu entorno físico e político. A cidade faise ver a través dunha representación parcial dunha selección infinitésima das súas paisaxes. E, coa cidade, vese unha pluralidade de arquitecturas modernas, que poñen de manifesto a capacidade transformadora e propositiva —non sempre exercitada— da arquitectura do noso momento. É, en definitiva, unha mostra que confía na posibilidade cultural e transformadora da arquitectura.



Premio Mies van der Rohe 2007

Premio de Arquitectura Contemporánea da Unión Europea

07-05-2008 / 13-06-2008



La Fundació Mies van der Rohe fue creada en 1983 con el objeto de promover la reconstrucción del pabellón. Una vez finalizado el proyecto, se ha confiado a la Fundació, miembro de la Confederación Internacional de Museos de Arquitectura (ICAM), la tarea de velar por la conservación y gestión del edificio. La Fundació Mies van der Rohe tiene igualmente por misión alentar el debate sobre arquitectura contemporánea y urbanismo, reunir un archivo documental sobre Ludwig Mies van der Rohe y sobre arquitectura moderna y contemporánea y organizar los premios, cursos, conferencias, exposiciones, publicaciones y estudios relacionados con ella. En 1987, la Comisión Europea, junto con el Parlamento Europeo y la Fundació Mies van der Rohe, creó el Premio Mies van der Rohe de Arquitectura Europea. En 2001, en el marco del programa *Cultura 2000*, este premio dejó paso al Premio de Arquitectura Contemporánea de la Unión Europea, de carácter bianual. El galardón se otorga a obras recientes, realizadas en el curso de los dos años anteriores en los países que participan en el programa *Cultura 2000*. El objetivo del Premio de Arquitectura Contemporánea de la Unión Europea Premio Mies van der Rohe es reconocer y premiar obras de carácter excepcional de la arquitectura contemporánea que destaquen por sus soluciones conceptuales, estéticas, técnicas y constructivas.

La Comisión Europea ha instituido este premio para alentar una mayor comprensión, por parte del público en general así como de las instituciones y el sector privado, de la función cultural de la arquitectura en la construcción de las ciudades europeas. Otros objetivos son generar oportunidades profesionales para los arquitectos en la Unión y ayudar a los jóvenes arquitectos que dan sus primeros pasos en la carrera profesional. Para potenciar este último objetivo, el premio incluye una Mención Especial Arquitecto Emergente.




Exposición 05: FERNANDO BLANCO / ENRIQUE CONDE. PEZAS E PINTURAS

FERNANDO BLANCO pezas e pinturas
ENRIQUE CONDE construccions

26-06-2008 / 31-07-2008



Exposición 06: A LUZ DE LUPO. FERMÍN GONZÁLEZ BLANCO



A CIDADE DA XUSTIZA DE VIGO



10-09-2008 / 10-10-2008

A CIDADE DA XUSTIZA DE VIGO


inauguración mércores 10 de setembro ás 20:00 horas

José Luis Méndez Romeu,
Conseleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

10 setembro - 10 outubro
sala de exposicións COAG
rúa Federico Tapia, 64
15005 A Coruña

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA

COAG
Colexio Oficial de
Arquitectos de Galicia



Exposición 08: REHABITANDO A TINERIA

REHABITANDO A TINERIA

VIVENDAS PROTEXIDAS EN ALUGUER
rehabilitación de edificios no centro histórico de Lugo

14-10-2008 / 3-10-2008



A ARQUITECTURA DO TICINO 1970-2008



05-11-2008 / 26-11-2008

Esta pequena rexión italo-suíza, foi arrebatada polos suízos durante os séculos XV e XVI ó ducado de Milán, pero permaneceu separada do resto dos cantóns Helvéticos ata a perforación do túnel ferroviario de San Gotardo 1882. Na segunda metade do s. XIX é cando comeza a transformación do cantón do Ticino co ferrocarril, mais é logo da segunda guerra mundial cando se manifesta verdadeiramente coa entrada do formigón armado e das autopistas. Das divisións entre campo e cidade pasarán á cidade aberta e difusa que agora é todo o Ticino, esta é unha cidade particular, cunha precisa identidade: un fondoval, estreito e longo, sempre con dúas paredes de montaña, isto controla o crecemento, determina á dirección e garante os habitantes unha continua relación coa paisaxe natural.

Con esta dinámica socio-cultural o redor dos 60 un grupo de arquitectos ticineses graduados en Zurich comezou a traballar na súa rexión, onde o valor dos seus proxectos residiu en afrontalos dende as diversas dimensións do territorio...



A mostra presenta as personalidades máis coñecidas do panorama arquitectónico de Cantón do Ticino dos últimos trinta anos ilustrando as súas respectivas obras que, coas súas específicas diferencias forman parte dun único fenómeno cultural. O nacemento e afirmación deste movemento orixinouse no 1975, en ocasión da mostra denominada "Tendenzen-Neuere Architektur im Tessin", organizada no Politecnico Federale de Zurich por Thomas Boga e Martín Steinmann, puxeronlles o sobrenome de TENDENZA, asimilandoos as experiencias italianas que rotaban en torno as teorizacións de Aldo Rossi. Pero este grupo de proxectistas mais dotados amosarán nos vindeiros anos a súa singular autonomía e orixinalidade. Nos vindeiros anos, os principais representantes desta corrente ensinan nas mais prestixiosas facultades europeas e mundiais como Yale School of Architecture, a Facoltà di Architettura do Politecnico de Milán, a Harvard University, a Syracuse University, a Rhode Island School of Desing e a Gesamthochschule de Kassel.

As figuras nas que se concentra a exposición son sete famosos arquitectos do Ticino que coas súas obras deron unha contribución notable á arquitectura, non só no Cantón de orixe senón tamén no resto de Suíza e no exterior:

Mario Botta, Mario Campi, Aurelio Galfetti, Bruno Reichlin e Fabio Reinhart, Flora Ruchat-Roncati, Luigi Snozzi e Livio Vacchini.

A presentación das obras e dos arquitectos e integrada e enriquecida coa opinión de estudiosos da arquitectura contemporánea (Kenneth Frmpton, Jacques Gubler, Werner Oechslin y Roberto Masiero) que explican a traveso de entrevistas en vídeo, a fortuna crítica dos protagonistas.



REHABILITAR

VARI CARAMÉS: CATEDRAL DE VITORIA

28-11-2008 / 31-12-2008



rehabilitar

novembro decembro na sala coag coruña

reh vari caramés: **abilitar**
catedral de vitoria



novembro decembro coag coruña novembro decembro coag coruña

conferencias

13 javier fernández muñoz
"rehabilitación de casco vico de santigo de compostela"

20 vicente vitoria
"proyectos de intervención global. a vivenda en complexo"

28 juan ignacio lasagabaster
"a catedral de sta m de vitoria un modelo de restauración integral"

xosé lois martínez 4
"coruña: identidade, cidade e forma urbana"

paola falini 11
"o centro histórico de roma"

mesa redonda 18
"casas históricas"

modera **manuel de la iglesia**
mario lópez rico
xosé lois mtnez
alfonso diaz revilla
teresa taboas veleiro

exposición

28 vari caramés: catedral de vitoria

Responsable: Luisa Orro Bello
 Colaboradores: Darío Bermúdez Pérez.

Actividades realizadas no exercicio 2008

Cursos de formación:

Durante 2008, organizados pola CAT se realizaron os seguintes cursos dentro do programa de formación continua

Data	Curso	Local	Asistentes
24- 25 xaneiro	Programa Calener.VYP-3	ETSA Coruña	
14-15 febreiro	Programa Calener. VYP-4	ETSA Coruña	
20 febreiro	O mercado Inmobiliario	Caixanova	23
27 febreiro	Financiamento Proxecto inmobiliario	Caixanova	23
05 marzo	Análise de viabilidade	Caixanova	23
18- 19 abril	Curso DB HR	ETSA Coruña	
10-13 maio	Formigóns Vistos	ETSA Coruña	
30-31 maio	Valoracións inmobiliarias	ETSA Coruña	58
6-7-13 xuño	Valoracións inmobiliarias	ETSA Coruña	58
11 xuño	Cartec. Programa Tricalt	Sala COAG	
26-27-28 xuño	Inega. Programa Lider- Calener	ETSA Coruña	
2-3-4 outubro	Inega 2 Programa Lider- Calener	ETSA Coruña	
21 outubro	Curso EHE	ETSA Coruña	50

Conferencias

Data	Tema	Local	Asistentes
25 febreiro	As Normas do Hábitat Galego	Palexco	400
27 maio	A Lei de Sociedades Profesionais	Fundación Caixa	20
5 xuño	O visado dixital	Sede Delegación	37

Charlas Técnicas

Organizadas en colaboración con empresas do sector se celebraron as seguintes charlas técnicas

Data	Empresa	Tema	Local	Asistentes
16 xaneiro	Cupagrup	Tableiros termo chip	F. Caixa	
13 febreiro	Cype	Programa Instalacións	Sala COAG	50
28 febreiro	Alder	Ventilación	ETSA	100
11 marzo	Sonemcraft	Enerxía solar	Sala COAG	30
27 marzo	Novonet	Programa Gestproyet	Sala COAG	6
17 abril	Basf	Estruturas enterradas. Resbaladricidade	ETSA	40
24 abril	Grupo Molduras	Revestimentos madeira	ETSA	12
5 maio	Gas Natural	Normativa combustible gaseoso	ETSA	8
19 maio	Gallaecia	Estruturas de madeira e aislamiento térmico	ETSA	45

20 maio	OCV	enerxía solar	Sala COAG	8
5 xuño	Pinturas Jotum	Revistimentos fachadas	Sala COAG	45
30 xuño	Tuka Bambu	Revistimento de bambú	ETSA	17
23 setembro	Velux	Luz natural e aforro enerxético	ETSA	55
30 setembro	AFK Systems	Aireadores e protección solar	F. Caixa	44
9 outubro	Infocobre	enerxía solar termica	ETSA	17
28 outubro	Rinol	Pavimentos industriais	Sala COAG	30

COMISIÓN DE PLANEAMENTO

Responsable. Jorge Salgado Cortizas.

Durante este período se asinan os Convenios

Convenio co Concello da Coruña para a redacción do Inventario de Edificios, elementos e espazos urbanos sometidos a algún réxime de protección,

Convenio de colaboración co Concello de Corcubión para a elaboracións de Informes urbanísticos que demande o Concello para garantir a máxima independencia e transparencia na xestión de expedientes sobre os que deban recaer resolucións municipais.

Se elaboraron diversas propostas en relación a

Convenio de colaboración co Concello de Ares para a realización dunha diagnose do núcleo mariñeiro de Redes, para posteriormente desenvolver un Plan Especial e unha Área de Rehabilitación Integral para unha mellora e protección do mencionado núcleo.

Se está a traballar no estudo das propostas de revisión do PXOU da Coruña, coa formación dun equipo de traballo para a elaboración de informes a presentar no concello.

PÁXINA WEB

Responsable: Patricia G. Salorio Caramés dende o día 1 de abril de 2008.

Durante os meses de febreiro e marzo o traballo consistiu no deseño da nova páxina Web despois dun estudio exhaustivo das necesidades de COAG- Coruña e dos seus colexiados.

A estrutura da páxina, que se atopa en proceso de revisión, e actualmente está en funcionamento é a seguinte:

Delegación.

Documentos a descargar.

Cultura.

Acceso ás noticias e eventos xerados pola Comisión.

Planeamento.

Acceso ás noticias e eventos xerados pola Comisión.

Axenda.

Eventos clasificados en dúas categorías: Delegación e externos.

Noticias.

Clasificadas en tres categorías:

Delegación, externas e noticias de prensa.

Enlaces.

Enlaces de interese.

Administración, organismos oficiais, outros colexios e Revista de prensa.

Contactar.

Sección de contacto co persoal da Delegación da Coruña.

Durante o período de abril a decembro de 2008, o traballo consistiu en recopilar e editar a información xerada pola Delegación e buscar e administrar outro tipo de información de interese para os colexiados.

Documentos administrados durante este período:

Circulares da Delegación de información xeral e de planeamento.

Revista de prensa.

Noticias da Delegación.

Secretaría, exposicións, charlas, ciclos de conferencias, actualización Convenio ETSA- COAG, Xuntas de Delegación, Sesións Informativas, actas.

Orzamentos.

Noticias externas.

Premios, concursos, ofertas de emprego.

Galería de eventos.

Xerados pola Delegación e externos.

Publicacións da Páxina

Documentos:	45
Eventos:	236
Noticias:	2368 (111 externas / 31 Delegación / 2326 prensa)
Enlaces:	35

Estatísticas 2008

Visitas totais (Abril/Nadal)	45400
Media Visitas Mensuais	5600
Media Visitas por día	200

Manuel de la Iglesia Pérez.

Presidente da Delegación da Coruña. COAG

DELEGACIÓN DE FERROL

1.- XUNTA DIRECTIVA

A Xunta Directiva da Delegación, desde as eleccións celebradas en maio de 2007, está formada por

PRESIDENTA: María de la Luz Fernández Lemos

SECRETARIA: Olga Fra Gálvez

TESOREIRA: Rosa Vilas Romalde

A Xunta Directiva celebra durante o 2008 un total de 20 reunións.

2.- DELEGACIÓN.

A Delegación de Ferrol ten adscritos a data de 31 de decembro de 2008 un total de 108 colexiados.

Tramitáronse 788 expedientes.

Os ingresos xerados por visado ascenden á cantidade de 120.317,78 euros.

Celebráronse dúas Xuntas de Delegación, os días 23 de abril e 26 de novembro de 2008.

O Peche de contas do exercicio 2007 foi aprobado para a súa remisión á Xunta de Goberno, na Xunta de Delegación celebrada o 23 de abril de 2008.

Non se enviaron circulares aos colexiados. Realizáronse catro envíos postais e un número sen contabilizar de correos electrónicos, desenvolvendo a política de realizar as comunicacións vía e-mail sempre que sexa posible.

Ademais dos servizos relacionados coa actividade do visado colegial, e os vencellados coa atención aos colexiados, a Delegación presta o servizo de asesoría xurídica, a cargo de José Seoane Iglesias.

Ao longo de 2008, desde a Delegación de Ferrol fixéronse distintas ofertas para a compra dunha nova sede, consultando coa Tesourería do COAG as distintas accións.

Entre as xestións iniciadas, están as conversas co Concello de Ferrol para colocar a sede da Delegación no Bambú Club (Recimil). O convenio, que ata o momento non se concretou, trataba a cesión da planta baixa e primeira, con algunhas condicións como o dereito a unha compra futura. Dirixiuse unha carta ao alcalde interesándonos polo edificio, sen ter novas ao respecto desde o pasado mes de novembro.

Seguen a tantearse posibles ubicacións no centro de Ferrol.

Encárgase a páxina web da Delegación a Parque Web SL en decembro de 2008, logo de varios contactos previos. O contido da mesma permitirá achegar aos colexiados información local: novas de interese, axenda e actividades da Delegación e das Comisións, concursos locais, Guía de arquitectura de Ferrol, etc. complementando así a páxina do COAG.

3.- PERSOAL

Durante o 2008 o cadro de persoal da Delegación está formado por 5 persoas, das que 2 teñen carácter temporal: o asesor do COAG Eduardo Alonso Lois e o auxiliar administrativo, posto ocupado por Carlos Rodríguez Rodríguez e por Rafael Nieto Fernández.

4.- COMISIÓNS DE TRABALLO DA XUNTA DIRECTIVA

As Comisións de Traballo da Xunta Directiva son:

Comisión de Cultura. Responsable Xosé Manuel López Leira/ José Alejandro Romero Alonso.

Comisión de Asesoramento Tecnolóxico. Responsable Eduardo Alonso Lois.

Comisión de Planeamento. Responsable Manuel Amable Romero Pérez.

5.- RELACIÓN CON INSTITUCIÓNS E ENTIDADES

Coordinación coa Sede do COAG en canto ás diferentes liñas de traballo abertas en relación coas Institucións.

Presencia dos membros da Xunta Directiva e Comisións nos diferentes medios de prensa, audiovisual, radio e prensa escrita.

Concello de Ferrol.-

A Delegación mantén contactos periódicos co Concello de Ferrol, mediante reunións cos concelleiros de Equipamento, vivenda, obras e rehabilitación; de Cultura e promoción turística; de Planificación, xestión urbanística e infraestruturas; e coa Xerencia de Urbanismo.

A primeira liña de colaboración é en cuestións relativas ao planeamento:

- Interpretación da Normativa do PXOM de Ferrol, interesándose pola aclaración e transmisión por escrito dos criterios de aplicación dos Servizos urbanísticos do Concello.
- Prazos de concesión de licencias.

Unha segunda liña de colaboración céntrase no desenvolvemento da ordenanza ITE no municipio:

- O día 2 de xullo de 2008 asínase un primer convenio de colaboración entre o Concello e a Delegación, para a realización de ITE por colexiados.
- Estudo dun segundo convenio, continuación do anterior.

Unha terceira liña de colaboración é o seguimento dos convenios asinados entre o COAG e o Concello de Ferrol para xestionar concursos:

- Desenvolvemento do concurso para a Rehabilitación do recheo da Costa de Mella e dos xardíns de San Francisco de Ferrol (fallado o 1 de outubro de 2008).
- Desenvolvemento do concurso de redacción do Proxecto Técnico -Básico e de Execución- e a Dirección de obra para a reurbanización de cinco espazos públicos urbanos nos barrios ce Inferniño e Ultramar do Municipio de Ferrol.

I XORNADAS DE VIVENDA E CIDADE

Celebradas en Ferrol os días 27, 28, 29 de marzo de 2008, produto da colaboración entre a Universidade da Coruña, o COAG, a Consellería de Vivenda e o Concello de Ferrol, o seu promotor e organizador.

A Delegación de Ferrol participa coa aportación de dous ponentes, Xabier Sust de Barcelona, e Isabel Izcue, de Navarra.

Xabier Sust achéganos unha conferencia sobre os retos de adaptación da vivenda contemporánea aos cambios sociais, e Isabel Izcue sobre os proxectos de rehabilitación do Concello de Estella e en xeral o funcionamento de NASURSA.

Concellos da comarca interesados na contratación dun técnico para aplicación das Normas do Hábitat Galego.-

En agosto e novembro de 2008 diriximos escritos aos alcaldes de concellos do ámbito territorial da Delegación de Ferrol que solicitaran as prazas de técnico para a aplicación das normas do hábitat segundo a Orde de 9 de maio de 2008.

Incluíuse un listado da bolsa de traballo aberta na Delegación de Ferrol do Colexio de Arquitectos con este fin, e que facilitaba, nun segundo contacto, os curricula dos arquitectos interesados.

6.- CELEBRACIÓN DA PATROA

A Festa da Patroa celebrouse cunha cea o día 13 de xuño de 2008 no Pazo Libunca (Narón).

Entregouse como agasallo aos colexiados asistentes un caderno e o libro "L'architecture vivante".

7.- AGASALLO DE NADAL AOS COLEXIADOS

A Xunta Directiva acordou regalar a todos os colexiados unha caixa de turróns artesáns.

A felicitación de Nadal realizouse cunha tarxeta de Arquitectos sin fronteras.

8.- CELEBRACIÓN DO DÍA MUNDIAL DA ARQUITECTURA

O luns día 1 de outubro de 2008 celebramos o Día Mundial da Arquitectura.

A Delegación de Ferrol escolleu para tal conmemoración o barrio de Ferrol Vello co lema "Ferrol Vello: la renovación urbana como propuesta de futuro".

Os actos consistiron nun paseo guiado polo barrio a cargo de Manuel Amable Romero, Miguel Reimúndez e Olga Fra, que incluíu a visita a dous edificios rehabilitados pola Oficina de Rehabilitación, e un viño-almorzo ao final.

9.- COMISIÓNS

CAT Comisión de Asesoramento Tecnolóxico

Desenvolvéronse as seguintes actividades:

CURSOS

Febreiro 08 "Normas do hábitat galego" do Plan de formación de Formación permanente. CAT. COAG. 3 horas.

Maio 08 "Memorias 2" da Área de programas COAG. 4 horas.

Maio 08 "Visado Dixital para estudos" da Área de programas COAG. 2 horas.

Xuño 08 "Curso de Certificación enerxética dos edificios: Curso práctico CALENER VYP" da Área de certificación Enerxética. CAT. COAG. 25 horas.

Novembro 08 "Norma de Formigón estrutural 2008" da Área de Normativa Estruturas. CAT. COAG. 2 horas.

CHARLAS TECNICAS

Febreiro 08 "Ventilación de Vivendas. CTE DB HS3. ALDER VENTICONTROL".

Abril 08 "Impermeabilización de cimentacións e estruturas soterradas de acordo ao CTE. Sistemas de pavimentos adaptados ao CTE. BASF Construction Chemicals España, S.L.".

Maio 08 "GAS NATURAL. Distribución e utilización de combustibles gaseosos (novo regulamento)".

Xuño 08 "Illamento térmico reflexivo POLYNUM e Estruturas de Madeira HOLTZA".

Outubro 08 "Sistema Construtivo Cerámico de Alto Illamento Acústico. HISPALYT".

Comisión de Cultura

Neste período desenvolvéronse as seguintes actividades:

21/12/07-18/01/08

Exposición: XII PREMIOS COAG DE ARQUITECTURA.

Autor varios

No acto de inauguración contou coa presenza do Ilmo. Sr. Decano, D. Celestino García Braña, e co Presidente da Comisión de Cultura do COAG, D. Felipe Peña Pereda.

17/03/08-05/04/08

Exposición: A CADEIRA NO DESEÑO DO SÉCULO XX

Autor varios

A exposición mostra 15 cadeiras, e paneis explicativos e a proxección de imáxenes relacionadas con este mobiliario, con exemplos tan emblemáticos como as cadeiras dos arquitectos Le Corbusier, Breuer, Jacobsen, Aalto o o deseñador e intelectual Isaac Díaz Pardo. Esta exposición contou coa colaboración e patrocinio de Cassa, establecemento especializado en mobiliario contemporáneo. Cedendo a delegación un taburete de Alvar Aalto.

12/04/08-02/05/08

Exposición: GRAFITTI IN

Autor varios

Xornada de portas abertas durante o proceso da elaboración dos graffittis precedida por unha "performance + dj addis anbessa sound system" que se celebrou o día 12 de abril entre as 12,00 e as 21,00 h.

11/06/08

Reunión da comisión de Cultura do COAG en Santiago

05/09/08-26/09/08

Exposición: DIGAN RANA Y YO SALTO.

Autor: varios

Ilustracións realizadas por xóvenes valores do panorama nacional. Cedeuse a delegación unha das obras expostas.

1/10/08-18/10/08

Exposición: FERROL MODERNISTA.

Autor fundación ferrol metròpoli

Montaxe realizado por a fundación Ferrol Metròpoli. Trátase de seis paneis, formato A1, onde recóllense unha serie de obras modernistas en Ferrol.

06/10/08

VISITA GUIADA A FERROL VELLO

Con motivo do día mundial da Arquitectura, que baixo o lema "Ferrol Vello: la renovación urbana como propuesta de futuro" fíxose un percorrido comentado polo barrio de Ferrol Vello e visitando algunha das obras que a oficina de rehabilitación esta a facer, tamén fíxose mención a Fabrica de Lápicos Hispania e os talleres Borrajo.

25/10/08-09/11/08

Exposición: 19ª EDICIÓN DE GALICIA EN FOCO. O fotoxornalismo Galego

Autor Club de prensa de Ferrol

O club de prensa de Ferrol presenta as mellores fotografías do fotoxornalismo galego do ano.

14/11/08-06/12/08

Exposición: ESTRUTURAS DA TERRA.

Autor Javier Aguilera Navarro.

Trátase dunha exposición de esculturas feitas en pizarra. O autor cedeu a delegación unha das obras da exposición.

28/11/08

Reunión da comisión de cultura do COAG en Santiago.

22/11/08-10/01/09

Exposición: INFINLAND.

Autor Sabela Martín Romalde.

Exposición de pinturas resultado da viaxe realizada, por a delegación no ano 2005, a Finlandia para ver a obra de Alvar Aalto.

A artista cedeu unha das obras expostas a delegación

Comisión de Planeamento e Medio Ambiente

ACTIVIDADES

Reunións da Comisión de Urbanismo e Medio Ambiente do COAG.

Estas reunións, celebradas na Sede Central do COAG, serven para pór en común diversas propostas e teñen unha periodicidade trimestral.

Nelas coordináronse as actividades das distintas Comisións de Planeamento e Urbanismo das Delegacións do COAG. Por último, analízanse e repásanse as actividades que cada unha esta realizando.

Primeira reunión de 2008

Analízanse e repásanse as actividades que cada unha das Delegacións do COAG esta realizando en materia de urbanismo e medio ambiente.

Segunda reunión de 2008

Analízanse as repercusións da posta en funcionamento das Normas do Habitat e prepáranse as xornadas "Pisar a terra pisar a auga".

Reunións da Comisión de Urbanismo e Medio Ambiente da delegación de Ferrol.

Estas reunións celebráronse na sede da delegación de Ferrol do COAG.

Estas reunións da Comisión de Planeamento serviron para pór en común diversas propostas e obxectivos que esta Delegación expón para mellorar o planeamento e o desenvolvemento urbanístico que se está producindo na nosa área de influencia.

Pero tamén, para sinalar os problemas que desde o punto de vista do urbanismo e da ordenación do territorio, están a xurdir nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

En resumo, estes foron os temas tratados en cada unha:

12/07/07

Nela infórmase en detalle aos novos colaboradores das actividades realizadas pola anterior Comisión e das tarefas que quedaron pendentes. Tamén se expuxeron as cuestións a tratar na futura reunión co Concello de Ferrol.

11/01/08

Primeira reunión da Comisión de Planeamento da Delegación do COAG de Ferrol de 2008. Trátanse os seguintes temas:

- Acórdase a presentación de alegacións ao proxecto de rehabilitación integral da fachada marítima de Redes do concello de Ares, en fase de exposición pública. Decídese tamén acudir á exposición pública de devandito proxecto por parte do Concello, co obxecto de valorar as posicións do Concello e dos veciños ante esta obra.
- Acórdase tratar na reunión coa xunta directiva da Delegación da Coruña a redacción definitiva destas alegacións, e pechar un acordo de colaboración para os traballos de catalogación e protección deste núcleo tradicional que o COAG vai acometer.
- Analízase a documentación remitida pola empresa promotora do "Superpuerto refuxio de Ares" que celebra unhas xornadas para presentar a súa proposta.

Decídese non apoiar desde o Colexio estas xornadas, xa que se trata dunha actuación que pola escasa documentación achegada parece: ter un gran impacto ambiental; compite con dúas infraestruturas en construción como son os portos exteriores de Ferrol e A Coruña; supón unha gran inversión en infraestruturas de Conexión e dificilmente encaixa nunha ordenación territorial sustentable da Área urbana Ferrol-Coruña onde a área formada polos Concellos de Mugardos, Ares, Cabanas e Pontedeume, teñen outras funcións e non a prioritariamente industrial, que os promotores do "Superpuerto" propoñen.

21/01/08

- Apróbase a redacción definitiva das alegacións ao proxecto de rehabilitación integral da fachada marítima de Redes do Concello de Ares, en fase de exposición pública.
- Infórmase de que a xunta directiva acordou dar traslado aos servizos centrais da solicitude do Concello de Mugardos da asistencia técnica para a revisión dos informes emitidos pola apareladora municipal dese municipio, obxecto dun proceso xudicial.

07/11/08

Nela infórmase en detalle das actividades realizadas na segunda metade do ano e das tarefas que quedaron pendentes, entre as que se atopa o impulso do traballo sobre Núcleos Históricas das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegá, analizando os posibles vías de financiación de devandito traballo.

Tamén se expuxeron as cuestións a tratar na futura reunión co Concello de Ferrol e o desenvolvemento do concurso de cinco espazos públicos que se desenvolve en colaboración co devandito Concello.

Representación nas seguintes comisións técnicas de asesoramento das Mesas de contratación dos seguintes Plans:

Plan xeral de Ordenación Municipal de Narón
Reunións de traballo celebradas os días 17/12/08 e 21/12/08

Presentación de alegacións:

Entendendo que o COAG debe estar presente na discusión do deseño da cidade, a Comisión de Planeamento e Medio Ambiente presentou alegacións á tramitación de diferentes figuras de planeamento dos concellos das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegá.

22/01/08

Presentación de alegacións ao proxecto de costas de "Rehabilitación integral da fachada marítima de Redes" no Concello de Ares.

Ademais, estudáronse e informáronse distintos plans de desenvolvemento a exposición pública neste período como:

- Estudo de Detalle dun sector do PP-3 Ponte das Cabras en Ferrol.
- Plan Parcial de Curros Enriquez en Ferrol.
- Documento Refundido do PP-3 Norte de Ponte das Cabras.

Actos Públicos

31/01/08

Reunión fundacional do corpo de Arquitectos ao servizo das Administracións Públicas. A esta reunión, ademais de arquitectos municipais acudiron representantes das distintas comisións de plan e a directiva e o presidente do COAG.

03/03/08

Reunión co Concello de Ferrol á que asistiron os concelleiros de Urbanismo e de Obras, o xerente de urbanismo e os técnicos municipais.

Por parte do COAG asistiu a súa presidenta María Fernández Lemos, o Arquitecto de visado Víctor Pérez López de Gamarra, e os membros da Comisión de Planeamento Manuel Amable Romero e José Alejandro Romero.

Entre os temas tratados destacamos o da redacción dun borrador para a posta en marcha dun convenio de colaboración co Concello de Ferrol para a realización das ITES nos inmobles deste municipio.

27/03/08

Xornadas Cidade e Vivenda do Concello de Ferrol en colaboración coa Universidade da Coruña e o COAG.

Por parte do Colexio actuaron como relatores Xavier Sust cunha conferencia sobre os retos de adaptación da vivenda contemporánea e Isabel Izcue sobre os proxectos de rehabilitación do Concello de Estella.

Presenza pública en debates e entrevistas.

O responsable desta Comisión intervén nos seguintes debates e entrevistas:

O Modernismo en Ferrol, entrevista para o documental da cadea Ferrolterra Universal dedicado aos edificios mais destacables este estilo en Ferrol.

Demolicións no Barrio da Magdalena, entrevista para a Voz de Galicia sobre a xestión do PEPRI da Magdalena e as demolicións de edificios na praza de Armas.

Exposición sobre as Áreas de Rehabilitación en Ferrolterra, Eume e Ortegal.

En colaboración coa Comisión de Cultura está a prepararse unha exposición sobre os Conxuntos históricos, Cascos vellos e Áreas de Rehabilitación, nos concellos desta zona.

Exposicións e traballos de colaboración coa candidatura de Ferrol a Patrimonio da Humanidade.

En colaboración coa Comisión de Cultura e o concello de Ferrol está a estudarse as distintas formas nas que o Colexio pode apoiar esta candidatura.

Exposición sobre Ucha Piñeiro e a Arquitectura Modernista en Ferrol, en colaboración con Ferrol Metrópolis na sede de Ferrol do COAG.

DELEGACIÓN DE LUGO

A presente Memoria de Xestión, pretende dar a coñecer as actividades desenvolvidas por esta Delegación lucense do COAG ao longo do ano 2008.

XUNTA DIRECTIVA:

Como resultado das eleccións celebradas o día 11 de maio de 2007 a Xunta directiva quedou formada por:

Presidente: D. Alberte González Rodríguez
Tesoreiro: D. Jose María Alonso Carrasco
Secretario: D^a. Laura Prieto Varela.

No desenvolvemento das funcións que lle son propias e asumindo as competencias reguladas nos arts. 44 e 45 dos Estatutos do COAG, a Xunta Directiva celebrou as seguintes xuntanzas.

Sesión 01/2008, de 16 de xaneiro.

Sesión 02/2008, de 22 de xaneiro.

Sesión 03/2008, de 06 de febreiro.

Sesión 04/2008, de 20 de febreiro.

Sesión 05/2008, de 05 de marzo.

Sesión 06/2008, de 01 de abril.

Sesión 07/2008, de 18 de abril.

Sesión 08/2008, de 23 de abril.

Sesión 09/2008, de 15 de maio.

Sesión 10/2008, de 21 de maio.

Sesión 11/2008, de 29 de maio.

Sesión 12/2008, de 04 de xuño.

Sesión 13/2008, de 11 de xuño.

Sesión 14/2008, de 03 de xulio

Sesión 15/2008, de 02 de setembro.

Sesión 16/2008, de 18 de setembro.

Sesión 17/2008, de 09 de outubro.

Sesión 18/2008, de 20 de outubro.

Sesión 19/2008, de 25 de novembro.

Sesión 20/2008, de 02 de decembro.

Sesión 21/2008, de 17 de decembro.

Sesión 22/2008, de 30 de decembro.

Convocadas polo Presidente, segundo estatutariamente lle corresponde, celebráronse as seguintes reunións da Xunta da Delegación:

Sesión 01/2008, de 18 de abril, sobre aprobación da memoria de xestión e peche de contas do exercicio 2007.

Sesión 02 e 03/2008, de 27 de novembro e 16 de decembro, respectivamente, sobre presentación e aprobación do orzamento da Delegación para o exercicio 2009.

Cómpre sinalar que, por acordo da maioría asistente a esta última sesión, o devandito orzamento quedou pendente de aprobación.

PRESIDENCIA

Reunións con distintos concellos da provincia de Lugo para tratar de someter a consideración das corporacións locais a sinatura dun convenio de Colaboración para a presentación dun servizo técnico de urbanismo, que permita ás citadas entidades dotarse dun técnico superior -arquitecto- para o asesoramento en todas aquelas cuestións que pola súa complexidade ou especiais características superan as posibilidades actuais do servizo (urbanismo, licenzas, informes, etc.).

Como resultado das xestións asináronse dous convenios cos Concellos de Meira e A Pontenova. Foron nomeados, previa convocatoria, para prestar o devandito servizo técnico os colexiados D. Jesús Bouza Fernández y D^a. Carmen Rodríguez Geadá, respectivamente.

Reunión co Sr. Alcalde do Concello de Lugo para someter a súa consideración a conveniencia de que a adxudicación do proxecto de edificación polo Centro Tecnolóxico e Agroalimentario (CETAL) se realice mediante a convocatoria dun concurso público e regulado mediante o Regulamento de Concursos do COAG.

A devandita proposta foi aceptada.

Reunión co Sr. Delegado Provincial de Industria para tratar de solventar o contencioso que dende hai anos, e de maneira non periódica, se mantén con ese organismo por mor da actuación de determinados funcionarios de non admitiren a trámite traballos específicos de instalacións, como parte integrante do proxecto de edificación, alegando a falta de competencia do arquitecto para redactar os devanditos traballos e esixindo que estes sexan asinados por enxeñeiros industriais.

O Sr. Delegado tomou coñecemento e prometeu tomar as medidas oportunas para que tales situacións non volvan producirse.

Participación, xunto a outros colexios profesionais, no proxecto SIVIUS para fomentar a defensa e recoñecemento do noso patrimonio histórico, artístico e cultural que se concretaría nunha primeira fase na constitución dunha fundación que asumiría a xestión das actividades que se decidise auspiciar. A primeira actividade consistía no levantamento dun plano fotogramétrico da muralla. Tras varias reunións e xestións perante as autoridades competentes o asunto quedou paralizado momentaneamente, por causas alleas a este colexio.

Colaboración co grupo Fonmiñá, mediante unha aportación económica e material, na celebración da Semana de Cine en Lugo e na celebración da 30ª edición. A actividade

consistiu na proxección permanente sobre unha pantalla colocada no edificio do Seminario Diocesano dos carteis de todas as edicións.

Participación na organización e planificación de diversas actividades culturais do COAG, como:

A distribución da edición en galego do libro A Obra Grosa: uns apuntamentos de construción de Fructuós Mañá Reixach. A devandita publicación foi posible grazas ao acordo suscrito con Edicións da Universitat Politècnica de Catalunya que permitiu a cesión dos seus dereitos de edición para poder ser publicada en lingua galega. O devandito acordo foi asinado pola anterior Xunta Directiva.

Programación de viaxes culturais ás cidades de Berlín e Ansterdam que non se poideron levar adiante por non alcanzarmos o cupo mínimo de inscritos.

Adquisición do cadro do pintor lucense Quique Bordell, titulado "Portátil" que serviu de base para a elaboración do convite á Cea da Patroa e permitiu engrosar os fondos artísticos da delegación.

Participación nas xestións para promover a declaración de ben de Interés cultural o núcleo de Rinlo no municipio de Ribadeo, por considerar de grande valor etnográfico todas as construcións asociadas algunhas ao pasado tecnolóxico, produtivo e industrial con vinculación á cultura do mar.

A iniciativa partiu da colexiada Dna. Carlota Eiros que elaborou un documento que serviu como base para a petición da declaración. As xestións da Delegación no ano 2008 consistiron na remisión de cartas de adhesión tanto ao Director Xeral de Patrimonio Cultural como Directora Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda (esta en tanto que promotora dunha Área de Rehabilitación Integrada no propio Rinlo). Ao mesmo tempo promoveuse unha reunión con todas as partes interesadas celebrada na propia sede colexial o 14 de novembro ás 17,00 h e á que asistiron as citadas autoridades e o alcalde de Ribadeo. A finalidade desta reunión era a de resolver eventuais diverxencias que poidese haber e coordinar as diferentes accións tendentes a recoñecer e protexer os valores patrimoniais que atesoura Rinlo e o seu entorno.

Convenio de colaboración co Grupo Vilares Lugo, S.L. coa finalidade de profundizar nas relacións formativas, profesionais, técnicas e económicas de ambas as dúas institucións

O presente convenio ten como obxectivo o de contribuír activamente nas convocatorias dos "Premios Inspira: construción sostible" de titularidade privada do Grupo vilares, premios con destino a fins de acción social, investigación, innovación e ampliación do coñecemento en ámbitos principais do desenvolvemento sostible e construción sostible. Ampliouse o campo de actuación do devandito premio recollendo tamén iniciativas relacionadas co urbanismo e tivemos unha participación máis activa na organización das "Xornadas sobre construción e urbanismo sostible" promovidas anteriormente con carácter exclusivo polo Grupo Vilares e nas que agora participa a Delegación e que se desenvolveron durante dous meses.

Reunión na Delegación de Industria, promovida polo propio delegado, á que asistiron os representantes dos colexios profesionais implicados na redacción de proxectos de instalacións autorizables por esa delegación.

A convocatoria da reunión veu xustificada pola presentación na delegación de Certificados Fin de Obra de instalacións con determinadas irregularidades en canto ao

seu contido e alcance. Deuse traslado aos Colexiados mediante circular das conclusións desta reunión.

Participación nas Xornadas de Saúde Ambiental celebradas en Ribadeo o 16 de xullo cunha conferencia sobre o estado do urbanismo en Galicia.

Xestións previas e escrito de alegacións impugnando o concurso de construción de 174 VPP en Garabolos (Lugo), convocado polo Instituto Galego de Vivenda e Solo, unha vez detectadas numerosas irregularidades na súa formulación que impedían unha participación eficiente e equitativa.

Alegacións ao Plan Sectorial de Vivenda presentado pola Consellaría de Vivenda.

SECRETARIA

Actividades:

Seguimento e persoamento en asuntos relacionados coa legalidade urbanística, interpoñendo as correspondentes denuncias a obras que carecen da preceptiva dirección facultativa, solicitando a inmediata paralización das mesmas e a apertura do correspondente expediente de reposición da legalidade.

Denuncias cursadas ante distintos Concellos como consecuencia das renuncias formuladas polos arquitectos-directores de obra, ordenando a súa paralización transitoria. Cando a renuncia está motivada por non axustarse a obra executada ao proxecto redactado, e en consecuencia á licenza concedida, solicítase a apertura do correspondente expediente de reposición da legalidade.

Personamento ante os acordos adoptados polos concellos de Chantada e Viveiro, no trámite de concesión de licenza, planteando os correspondentes escritos de alegacións en defensa da plena competencia dos arquitectos para redactar proxectos de edificación calquera que sea o seu uso, en un caso tratábase dunha edificación cons destino a tanatorio e en outro dunha nave para uso agropecuario.

Colaboración cos Xulgados e Tribunais de Xustiza na elaboración das listas de arquitectos peritos en asuntos xudiciais (Contencioso e resto de xulgados) e no puntual cumprimento dos seus requirimentos en virtude das resolucións ditadas en distintos procedementos.

Colaboración prestada á Delegación Provincial da Consellería de Economía e Facenda na elaboración da lista de arquitectos nos procedementos das tasacións periciais contraditorias.

Presenza institucional no Xurado Provincial de Expropiación Forzosa con nomeamento do Colexiado D. Wenceslao Posada García.

Contratacións, bolsas de traballo e becas.

Renovación do contrato de prestación de servizos de asesoría xurídica co despacho profesional de D. Juan Carlos Rodríguez Maseda.

Renovación do contrato de mensaxería ca empresa Galastur Lugo, S.L.

Previa convocatoria, adxudicouse a bolsa de coordinador das comisións colexiais (cultura, asesoramento tecnolóxico, planeamento e asuntos profesionais) e de asistencia a Xunta Directiva ao colexiado D. Roque Alvarez Arosa.

Convocatoria das bases de concurso aberto para a redacción do proxecto básico, execución e dirección das obras de reforma do edificio da sede da Delegación.

O devandito concurso quedou suspendido provisionalmente para modificar e simplificar as bases.

Servicios colexiais

Tramitación de solicitudes de novos colexiados, inscrición de sociedades profesionais e habilitacións,

Asesoramento e información aos novos colexiados no relativo á súa actividade profesional e colexial.

Control na organización e xestión dos servizos e persoal da Delegación.

Custodia e conservación dos bens colexiais.

Información sobre propostas informáticas para a elaboración de proxectos.

Tramitación pólizas do seguros de responsabilidade civil (ASEMAS) e liquidación de primas.

Liquidación mensual das aportacións colexiais (Sede e Delegacións), retencións de IRPF e IVE.

Información puntual sobre disposicións legais relacionadas coa actividade profesional, planeamento e ordenanzas municipais, con breve reseña do seu contido.

Información tributaria referida ás obrigacións fiscais
Información sobre distintas ofertas de emprego

Renovación do servizo de mensaxería á empresa Galastur Lugo, S.L. para o envío e recollida de expedientes, con cargo o orzamento da Delegación

Expedición de certificados e compulsas de documentos.

Información trimestral do fondo bibliográfico, dando conta das publicacións adquiridas con breve reseña dos seus contidos.

Actos sociais

Celebración da festividade da Patrona dos Arquitectos, acto que tivo lugar o día 23 de maio cunha cea de confraternidade no Club de Campo Las Bidas. Como é tradición entregouse un regalo consistente nunha xerografía do pintor Lucense Quique Bordell titulada "Portátil" baseada nun cadro que se adquiriu para a Delegación.

Agasallouse os colexiados e o persoal cunha participación de 20 euros para o sorteo de Nadal da Lotería Nacional.

Celebración do XVII Trofeo San Froilán de fútbol sala, coa participación de equipos das distintas delegacións do COAG. Como é tradicional agasallouse os participantes cun Xantar.

Area Administrativa

Altas e baixas de colexiados

Altas: 08

Natalia Leira Torres
Belén López Gallego
Cristina Pérez Caserio
Ana Belen Ribas Pol
Eva Crecente Dapena
Patricia López González
Javier Pérez Iglesias
Víctor Vázquez Hiebra.

Altas Sociedades (adaptación a nova lei) : 08

Roro de Ove, S.L.P.
Cortón Arquitectos, S.L.P.
Vázquez Mille Arquitectura, S.L.P.
Ferkitec, S.L.P.
Arquitectura e Interiorismo Manuel Martinez, S.L.P.
Mario Crecente, Asociados y Consultores, S.L.P.

Baixas:

Ningunha

Número total de colexiados residentes: 209

Movemento administrativo

Correspondencia: saída	1.338
Correspondencia: entrada	411
Circulares:	29
Libros de ordenes e asistencias:	466
Libros de incidencias:	28
Liquidacións:	123
Talóns emitidos	

Area Técnica Visado 5.911

Anteproxecto	32
Certificado final da dirección de obra (oficial)	501
Comunicación de Encomenda	131
Derrubo	48

Dirección de obra de edificación	645
Dirección de urbanización	5
Documentación complementaria	895
Documentación vinculada a dirección	827
Estudo básico de seguridade e saúde	590
Estudo de detalle	9
Estudo de seguridade e saúde	86
Estudo de seguridade e saúde – outros técnicos	107
Expediente de legalización	167
Factura do arquitecto	3
Informe, dictame, peritación ou certificado	88
Libro do edificio (documento final)	6
Licencia o autorización de obra	6
Memoria de actividade	130
Modificación de informe	5
Modificación de planeamento	4
Outras figuras de ordenación	9
Outros doc.. de Seguridade e saúde	61
Parcelación /Segregación	24
Plan de Sectorización	4
Plan Especial	4
Plan Parcial	1
Proxecto básico	322
Proxecto básico modificado	39
Proxecto básico reaxuste	24
Proxecto básico e de execución	433
Proxecto básico e de execución, básico reformd.	45
Proxecto básico e de execución, modificado	49
Proxecto básico e de execución, reaxuste	133
Proxecto de execución	240
Proxecto de execución, reaxuste	4
Proxecto de urbanización	20
Proxecto de Equidistribución	2
Proxecto parcial	9
Renuncia do arquitecto	31
Revisión obra oficial	63
Solicitud de licencia o autorización de obra	15
Taxación/valoración	94

TESORERIA

No exercicio 2008 os honorarios estimativos ascenderon a 23.654.800 euros, o que representa un aumento do 1,63% con respecto os estimados no ano 2007.

Xestionados polos Colexiados: 22.676.559 euros 95,87 % respecto o total

Xestionados pola delegación: 978.241 euros 4,13 % respecto o total

A respecto do préstamo hipotecario suscrito co Banco Santander para poder levar a cabo a construción do edificio Sede da Delegación, por un capital de 420.708,47 euros, cómpre indicar que o capital pendente de amortizar o 31 de Nadal de 2008 ascende a 75.204 euros.

Finalmente, debemos recordar a axuda económica, de 3.000 euros, prestada á organización Arquitectos sin Fronteras como cooperación nas actividades levadas a cabo nos departamentos de Champerico e Retalhuler en Guatemala.

COMISIONS E AGRUPACIONS

COMISION ASESORAMIENTO TECNOLOXICO

Coordinador D. Roque Alvarez Arosa

Viaxe á vila de Ribadeo visitando as obras do desdoblamento da ponte dos Santos, acompañados polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. José Calavera Ruiz.

Exposición no salón de actos das fotografías gañadoras da III Edición do concurso fotográfico de Acertos e Desastres arquitectónicos na Provincia de Lugo. No acto de inauguración, celebrado o día 8 de febreiro, pronunciou unha conferencia o arquitecto coordinador do Proxecto Terra D. Xosé Manuel Rosalés Noves, e a continuación se entregaron os premios e diplomas aos galardoados. A dotación total dos premios foi de 4.000 euros. A exposición estivo aberta ao público ata o día 29 de febreiro.

Conferencia da arquitecta D^a Belinda Besada Vergara e Marister Failde Ferreiro, en representación da sociedade Besada e Failde, BMJ Arquitectos, sobre o seu proxecto gañador do Concurso de Ideas para a ordenación das unidades de intervención U-18 do PEPRI do recinto amurallado de Lugo e rehabilitación do pazo de Doña Urraca. O acto celebrouse o 18 de xaneiro no salón de actos da Delegación.

Ciclo de conferencias "Outras Voces". Continuando co labor de investigación e difusión da nosa realidade arquitectónica e urbanística, a fin de lograr unha mellor difusión e sensibilización da sociedade nestas áreas do coñecemento, organizouse un ciclo de conferencias, baixo o título "Outras Voces" nas que se pretendeu buscar a mirada de intelectuais e pensadores de distintas disciplinas sobre cuestións de gran actualidade. A tal fin contou-se con importantes personaxes da vida cultural e política de Galicia que nesta primeira edición foron D. Xosé Manuel Beiras Torrado (Catedrático Emérito de Economía da USC), D. Isaac Díaz Pardo (artista e fundador do Grupo Sargadelos) e D. Xosé Luís Barreiro Ribas (político e profesor de Ciencia Política na USC). As devanditas conferencias, con entrada libre, celebráronse no salón de actos da Delegación os días 15, 22 e 29 de febreiro.

III Xornadas de Arquitectura e Diseño celebradas na sede da Fundación Caixa Galicia en colaboración coa Escola de Arte e Superior de Diseño Ramón Falcón de Lugo baixo o título "periferias na marxe" co seguinte programa:

1ª xornada – 19 de novembro

Tema: Conceptualización: ¿Que é a periferia?

Ponentes: Xosé Manuel Beiras Torrado – Economista e Miguel Anxo

Murado – Escritor

Moderador: Angeles Castro Dapena – Arquitecta.

2ª xornada – 20 de novembro

Tema: Arquitecturas na periferia da cidade

Ponentes: Víctor López Cotelo – Arquitecto

Moderador: José A. Carreira Montes – Arquitecto

3ª Xornada – 21 de novembro

Tema: Urbanismo: Na periferia do Urbanismo. Un xeito distinto de entender a xestión urbanística.

Ponente: Juan M. Sánchez Gordillo – Alcalde de Marinaleda (Sevilla)

Moderador: Anxo Sánchez González – Arquitecto

4ª Xornada – 26 de novembro.

Tema: Diseño Gráfico: Linguaxes periféricas. A utilización da linguaxe da periferia no deseño.

Ponente: Borja Martinez – Deseñador gráfico

Moderador: Cristobal novoa González – Profesor EASDRF Lugo.

5ª Xornada – 27 de novembro

Tema: Fotografía : Imaxes periféricas. un retrato da periferia

Ponente: Carlos Cánovas Ciaurriz – Fotógrafo

Moderador: Salvador Guinart – Profesor EASDRF Lugo.

6ª Xornada – 28 de novembro

Tema: Deseño de Interiores – Actividades periféricas do deseño

Ponente: Guadalupe Piñera Manse – Arquitecta

Moderador: Raúl Veiga Lamelas – Arquitecto

II Xornadas Monográficas: “Construcción e Urbanismo”. En colaboración co Grupo Vilares Lugo, S.L., a Consellería de Vivenda e Solo e a Consellería de Medio Ambiente Desenvolvemento sostible organizáronse as II Xornadas Monográficas “ Construcción e Urbanismo: Unha visión sostible”, co seguinte programa:

Día 22 de outubro: Prioridades e obxetivos na promoción, construción e compra de vivendas.

Día 05 de novembro: A arquitectura bioclimática e as novas alternativas de construción sostible.

Día 10 de decembro: O urbanismo nas cidades futuras: Vitoria, un modelo de cidade sostible.

Día 17 de decembro: A avaliación estratéxica ambiental e a sostibilidade na planificación urbanística

Cursos e Xornadas Técnicas.

Curso Calener VIYP: Exemplo complexo de aplicación do programa Líder. Lugo 31 de xanero e 1 de Febreiro.

Curso sobre As normas do hábitat galego. Lugo, 25 de febreiro.

Charla sobre Visado Dixital. Lugo 28 de maio.

Charla técnica de Gallaecia. Illamento térmico reflexivo e estruturas de madeira laminada Holtza. Lugo, 03 de xunio.

Presentación do programa de cálculo de estruturas Tricalc. Lugo, 10 de xunio.

Curso sobre o documento básico do código da edificación de protección contra o ruído DB-HR. Lugo, 13 e 14 de xuño, impartido por D. Alejandro Sansegundo Sierra.

Charla técnica sobre DB-HR. Lugo 14 de outubro, impartido pola Asociación Española de fabricantes de ladrillos e Tellas-Hispalit.

Charla sobre a EHE-08, Lugo 13 de novembro. Ponente, Xoan Pérez Valcarcel.

Charla Técnica de Trespá. Lugo, 18 de novembro.

Día Mundial da Arquitectura. Con motivo do Día Mundial da Arquitectura, celebrado o día 06 de outubro, foi seleccionado o edificio do Cárcere Modelo de Lugo de Nemesio Cobreros.

Finalmente, reseñar que o día 25 de marzo celebráronse as eleccións para representante da Delegación de Lugo na Xunta Directiva da Agrupación de Arquitectos Peritos e Forenses do COAG. Como resultado das mesmas foi elixido D. Gonzalo Fernández López.

Vº Pº PRESIDENTE: Alberte González Rodríguez

O SECRETARIO: Laura Prieto Varela

DELEGACIÓN DE OURENSE

De conformidad con lo establecido en los estatutos del C.O.A.G. se elabora esta Memoria anual sobre las actividades y gestión de esta delegación en el ejercicio de 2008.

Con la brevedad inherente a la naturaleza de esta Memoria resumiremos las actividades más importantes que durante el ejercicio mencionado ha desarrollado la Delegación del C.O.A.G. en Ourense.

La Junta Directiva estuvo compuesta, de la siguiente manera:

Presidente: D. Xan Xosé Rodríguez González
Tesorero: D. Manuel Álvarez Gómez
Secretario: D. José Jaime Vázquez Iglesias

Por su parte, las Comisiones han estado presididas o coordinadas por los siguientes colegiados:

Cultura: Dña. Susana Alberte Sendín
Planeamiento: D. Ramón José Valencia Hentschel
Asesoramiento Tecnológico: D. Diego González Naval
Asesores Municipales: D. Ramón José Valencia Hentschel

Con independencia de la presencia prácticamente a diario de, al menos, alguno de los miembros de la Junta Directiva en los locales de la Delegación para resolver las cuestiones de trámite o de urgencias en el visado que pudieran presentarse, la Junta ha venido celebrando reuniones con periodicidad semanal, en las que, además de atender y resolver los asuntos de trámite que seguidamente señalamos, ha abordado diversos temas que quedarán reflejados a lo largo de esta Memoria.

En relación con los asuntos de trámite a los que se ha hecho referencia y dentro del marco competencial que estatutariamente le corresponde, llevó a cabo, al igual que en otros ejercicios, las funciones que tiene encomendadas y en este sentido cabe significar y reiterar las siguientes:

la intervención en el visado de los trabajos que ofrecen dificultades de interpretación o diferencias en la misma entre el Arquitecto autor y el Arquitecto de Control, tratando de establecer ante la distinta casuística presentada criterios uniformes para su posterior aplicación en forma reglada y objetiva;

la organización y gestión de los servicios y personal de la Delegación, adaptándolos a las necesidades y atendiendo, en todo caso, los criterios emanados de Junta de Gobierno;

el control, custodia y conservación de los bienes patrimoniales del C.O.A.G. adscritos a la Delegación, con su reflejo en la documentación correspondiente;

se veló por el cumplimiento de la normativa Deontológica, sin que fuese necesario iniciar expediente alguno en esta materia durante el ejercicio 2008;

se remitió información a los colegiados, a través de las correspondientes circulares, sobre todas las materias, normativa, planeamiento, concursos, convocatorias de puestos de trabajo, etc. relacionadas con la profesión de Arquitecto;

se colaboró con la Administración de Justicia y Hacienda mediante la designación de Peritos para actuar ante los órganos judiciales o para intervenir como tasadores o peritos terceros;

se tramitaron las solicitudes de nuevos colegiados, inscripción de Sociedades de Arquitectos y habilitaciones, informando a los solicitantes en todo lo relativo a la actividad profesional y colegial a la que se incorporarán;

se convocaron y celebraron las Juntas de Delegación previstas estatutariamente tanto para la formulación de presupuestos del ejercicio de 2009 como para la liquidación y cierre de cuentas del ejercicio 2008. Además de otras con temas puntuales; el día 25 de marzo, Debate sobre el Habitat Galego; el día 23 de junio, Debate del Habitat Galego y situación actual del Plan Xeral de Ordenación Urbana de Ourense. Análisis y debate de la situación y de la nota de prensa emitida por la Junta de Gobierno del Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia; el día 29 de julio, Presente y futuro del Plan Xeral de Ordenación Urbana de Ourense

se decidió colaborar económicamente, con todos aquellos Colegiados que fueron admitidos en la Realización del Master DUMA (Dereito Urbanístico e do Medio Ambiente), impartido por la Universidad de Vigo

La Junta Directiva siguió manteniendo una línea de diálogo directa y una intensa relación con los representantes de la Administración Local para mantener e incrementar los distintos Convenios de Asesoramiento en materia de Arquitectura y Urbanismo, que constituyen un gran logro en esta demarcación colegial, procurando así incrementar la presencia de Arquitectos en los distintos Ayuntamientos, propiciando igualmente la incorporación de jóvenes colegiados al mercado de trabajo y un más justo y equitativo reparto del trabajo profesional, fortaleciendo dicha relación, pactando con la Diputación Provincial un interesante acuerdo que beneficiará a nuestra profesión.

La relación de los Ayuntamientos con los que se mantiene suscrito el Convenio de Asesoramiento, es la siguiente:

- Ayuntamiento de Baltar
- Ayuntamiento de Bande
- Ayuntamiento de Boborás
- Ayuntamiento de Calvos de Randín
- Ayuntamiento de Carballiño
- Ayuntamiento de Celanova
- Ayuntamiento de Leiro
- Ayuntamiento de Lobeira
- Ayuntamiento de Lobios
- Ayuntamiento de Maside
- Ayuntamiento de Os Blancos
- Ayuntamiento de Piñor de Cea
- Ayuntamiento de Porqueira
- Ayuntamiento de Ramirás
- Ayuntamiento de Rubiá
- Ayuntamiento de Taboadela
- Ayuntamiento de Sandiás
- Ayuntamiento de Trasmiras
- Ayuntamiento de A Veiga
- Ayuntamiento de Viana do Bolo
- Ayuntamiento de Xinzo de Limia
- Ayuntamiento de Xunqueira de Ambía

En materia de organización colegial y servicios a los colegiados procede destacar lo siguiente:

ACTOS SOCIALES Y DE REPRESENTACIÓN

En este apartado cabe destacar:

la celebración del Día Mundial de la Arquitectura, que en el pasado ejercicio se dedicó al reconocimiento del Río Miño y sus afluentes como elementos vertebradores de la ciudad, colocando un Monolito en la margen derecha del Río, entre el Puente Romano y el Puente del Milenio.

la celebración de la fiesta de la patrona Ntra. Sra. de Belén en su Huída a Egipto, con una Misa concelebrada por el Sr. Obispo de la Diócesis en memoria de los compañeros fallecidos y la posterior y habitual cena de confraternidad en el Restaurante Sanmiguel de la ciudad de Ourense.

la celebración de un viaje organizado por la Delegación, para todos los Colegiados interesados, a Praga, Dresde y Berlin

Por su parte, las Comisiones de la Delegación han desarrollado diversas actividades, siendo destacables las siguientes:

COMISION DE CULTURA

Bajo la coordinación de Dña. Susana Alberte Sendín y Dña. Cruz López Viso, se desarrolló una ponencia impartida por la Arquitecta Dña. Luz Paz Agras, cuyo contenido fue el siguiente: "Vivir Modernidade- Colexio Cortico, Vigo 1968. Arquitecto D. Desiderio Pernas

COMISION DE PLANEAMIENTO

Bajo la coordinación de D. Ramón José Valencia Hentschel durante este año, y tras años anteriores de intensa actividad urbanística tanto en Galicia como en concreto en nuestra ciudad, ha llevado a cabo únicamente reuniones de coordinación entre los distintos arquitectos que configuran el equipo que da cobertura a los distintos convenios formalizados con las Corporaciones Locales para el Asesoramiento urbanístico de estas.

COMISION DE ASESORAMIENTO TECNOLÓGICO (C.A.T.)

Coordinada por D. Diego González Naval, realizó una amplia actividad divulgativa e informativa, organizando, además, diversos cursos y charlas, entre las cabe destacar los siguientes:

Acústica. Curso Protección frente al ruido;
Calener. Certificación energética. Calener VYP;
Certificación energética. Jornada de presentación de la Certificación Energética de los edificios;
Instalaciones. Nuevas normativas en climatización y ventilación;
Normas del Hábitat. Normas del Habitat Gallego;
Normativa de Estructuras. Norma de Hormigón Estructural 2008;
Programas C.O.A.G. Memorias 2;
Programas C.O.A.G. Visado Digital para estudios;

Por último, en cuanto a la vida administrativa y económica de la Delegación, es de resaltar que, en el aspecto administrativo, a pesar del incremento considerable del número de expedientes tramitados y de la correspondencia recibida y enviada, ésta se ha desarrollado con normalidad y sin anomalías dignas de resaltar.

En el capítulo económico, es de destacar el ajuste a las previsiones presupuestarias con superavit, cuyo cierre de cuentas se presentará en la próxima Junta de Delegación para liquidación del ejercicio y determinar la aplicación del resultado de conformidad con las prescripciones estatutarias.

SECRETARIO: José Jaime Vázquez Iglesias

DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA

1. Presentación

A Delegación en Pontevedra do COAG desenrolou durante o ano 2008 diversas e numerosas actividades que resumiremos destacando as máis importantes, coa brevidade que impón a natureza desta Memoria.

2. Xunta Directiva

A Xunta Directiva estivo formada polos seguintes Colexiados:

Presidenta: Dona María José Fariña Busto
Secretario: Don Jose Jorge Santos Ogando
Tesorero: Don Manuel Abelleira Argibay

3. Unións Xunta Directiva e Xunta de Delegación.

A Xunta Directiva celebrou 52 reunións, nas que ademais de resolver numerosos asuntos de trámite, abordou importantes temas que quedarán expostos ao longo desta Memoria.

Celebráronse catro Xuntas de Delegación: dúas Xuntas preparatorias das Xuntas Xerais Ordinarias do COAG en abril e novembro, nas que respectivamente se presentaron o Peche de Contas do exercicio 2007 e o Presuposto para o ano 2009.

Celebrouse unha terceira Xunta de Delegación Ordinaria o día 28 de outubro, na que se trataron diversos asuntos de trámite.

Ademais celebrouse unha Xunta Extraordinaria o 19 de maio, na que se acordou a adquisición dun novo solar no que emprazar as oficinas da Delegación, do cal se informa máis polo miúdo no seguinte punto desta Memoria.

4. Nova Sede da Delegación.

Como se indica no punto anterior, neste exercicio 2008 a Delegación adquiriu un solar onde se construíra a súa nova Sede. A compra efectiva do solar efectuouse o día 22 de Xullo, logo de ser aprobado pola Xunta de Delegación e pola Xunta Xeral, e de ser autorizado o gasto pola Xunta de Goberno do COAG.

Dito solar servirá como emprazamento para a nova Sede da Delegación, e en breve, convocarase un concurso aberto para a redacción do proxecto. Todo o proceso rematará coa construción dun novo edificio, que se espera esté terminado nun prazo non superior a 3 anos.

As instalacións actuais da Delegación en "Villa Pilar", estanse a quedar escasas para o volume de Colexiados adscritos. Motivo polo cal, tanto a actual Xunta Directiva como as anteriores, viron a necesidade da adquisición dunha nova sede.

A adquisición realizouse considerando que o solar adquirido, cumpre e garante as necesidades do noso colectivo para un longo período de tempo. Enténdense que pola súa ubicación, xa que se empraza na entrada do Casco Vello á beira da Ponte do Burgo, preto do Colexio de Aparelladores e do río Lérez, así como a súa forma xeométrica, imaxinan unha interesante proposta para a nova edificación.



5. Relacións coa Administración.

A Xunta Directiva continuou a liña directa de diálogo coa Administración encamiñada ao achegamento con esta, co fin de conseguir unha unificación de criterios e unha maior eficacia no desempeño das funcións que respectivamente lles competen.

En canto á colaboración co Concello de Pontevedra, caben destacar a confección pola Delegación, dun listado arquitectos interesados en efectuar proxectos de rehabilitación na Área de rehabilitación integral (ARI) de Estribela.

O seu obxectivo é fomentar a rehabilitación de vivendas e edificios, así como acometer obras de urbanización e reurbanización necesarias para a rehabilitación integral da zona.

O Concello puxo en funcionamento unha oficina dotada de persoal técnico que realiza proxectos de actuación de rehabilitación en edificios e vivendas, excepto daquelas obras que

supoñan unha modificación estrutural ou de maior complexidade técnica. Neste caso as persoas particulares deben contratar os servizos dun/ha arquitecto/a da súa elección que elabore un proxecto.

Co fin de facilitarlle aos promotores de actuacións de rehabilitación, unha relación de arquitectos/as con efecto exclusivamente informativo, o Concello de Pontevedra dirixiuse a esta Delegación solicitando a elaboración dun listado a tal efecto.

Unha colaboración similar realizouse co Concello de Tui, elaborando unha listaxe de Colexiados interesados en executar os proxectos de obras na área de rehabilitación integral de Tui (ARI de TUI) e, doutra, para a realización dos proxectos de demolición para a execución forzosa de sentenzas que obrigan á demolición de edificacións e/ou construcións.

Por outra parte, a Delegación colaborou co Concello de Pontevedra na difusión entre os seus Colexiados das bases e da documentación relativa ao Concurso para a construción do Museo de Historia da cidade na Praza de Valentín García Escudero.

Tamén se procedeu a nomear un representante da Delegación no xurado que designou aos gañadores do concurso, sendo elixido o arquitecto Sr. D. Luís Fernández-Galiano, que é o director das revistas Arquitectura Viva e AV Monografías, ademais de catedrático de proxectos arquitectónicos da Universidade Politécnica de Madrid.

Ademais durante todo o ano pasado, celebráronse reunións tanto co Alcalde de Pontevedra, como coas concelleiras de Urbanismo e de Cultura de dito concello, para tratar cuestións relativas á renovación do convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Delegación, de forma que se substitúa o vixente aprobado en 1989.

6. Comisión de Planeamento.

Esta comisión estivo presidida durante o ano 2008 pola Colexiada D^a. Patricia Araujo Pazos ata o mes de outubro, no que foi substituída polo Colexiado D. Evelio Sánchez Juncal.

A súa actividade centrouse no estudo dos plans xerais ou especiais de relevancia, que aproban inicialmente os concellos da área territorial da Delegación, así como redactar as suxestións ou alegacións do COAG a estes.

Partindo desta finalidade, e para contar coa participación de todos aqueles Colexiados interesados, convocáronse mediante circular reunións constitutivas de comisións para o seguimento do PXOM de Pontevedra e Marín.

Por outra parte, esta comisión colaborou coa Deputación Provincial de Pontevedra na organización das xornadas sobre "O urbanismo nos concellos de Pontevedra", que se celebraron o 7 e o 8 de maio.

7. Comisión de Cultura.

A comisión estivo presidida ata o mes de outubro de 2008 pola Colexiada Sra. D^a. Rosa Magdalena Fernández, e foi substituída pola actual presidenta, a Colexiada Sra. D^o. María Pierres López.

Dentro das actividades desta comisión, cabe destacar as seguintes:

GUIA DA ARQUITECTURA: Neste exercicio iniciáronse os traballos para elaborar a GUIA DE ARQUITECTURA CONTEMPORANEA DE PONTEVEDRA, como as elaboradas para as outras cidades galegas nas outras delegacións do COAG.

Nesta Guía recolléranse en fichas individuais, os datos máis significativos, situación, fotografías, autor, cronoloxía, breve descrición, etc., dunha selección de obras de arquitectura contemporánea da cidade de Pontevedra e a súa área metropolitana.

Con este motivo, a Comisión de Cultura da Delegación convocou neste ano unha bolsa para o deseño, selección de obras e elaboración das fichas coas que configurar a Guía.

Entre todas as propostas recibidas asignouse a realización da Guía ao equipo formado polos colexiados David Silvosa Rivera, Juan Rey Cortegoso e Alicia Abal Rodriguez.

Organización de viaxe profesional á Chicago, entre as datas 14 -23 Marzo. Ao viaxe acudiron 23 persoas e visitáronse entre outras as seguintes obras: a Falling Water House de Frank Lloyd Wright, a Farnsworth House ,o Illinois Institute of Technology e o S. R. Crown Hall de Mies Van der Rohe . No centro urbán da capital visitáronse o Monadnock Building de Burnhan e Root ,e Holabird e Roche, o Chicago Tribune Tower de Hood e Howells, e os almacéns Carson Pirie Scott de Louis Sullivan.

23 Xullo: Visita ao edificio das novas dependencias da Xunta de Galicia en Campolongo (Pontevedra), contando coa presenza do arquitecto autor da obra, D. Manuel Gallego Jorroto.

6 de Outubro: celebración do Día Mundial da Arquitectura adicado á Misión Biolóxica de Galicia en Salcedo dependente do CSIC. Visita aos edificios de Cruz Gallástegui (D. Alejandro de la Sota), Miguel Odriozola, e Pazo de Gandarón, que foi guiada polo arquitecto autor dos proxectos de rehabilitación D. Mauro Lomba Martínez.

Ao acto foron invitadas diferentes personalidades políticas e culturais, así como todos os colexiados pertencentes á nosa Delegación. Habilitouse un servizo de autobús para facilitar a asistencia. Acudiron ao redor dunhas 70 persoas, que participaron da visita guiada, así como do viño que se serviu ao remate do acto nas instalacións do Pazo Gandarón.

16 de Outubro – 19 de Outubro:

Viaxe profesional a Copenhague ao que acudiron uns 24 colexiados. A Delegación editou unha guía de viaxe na que se amosaban as edificacións e proxectos de interese para visitar na cidade.

30 de Outubro: visita ao edificio da nova sede do Museo Provincial de Pontevedra. A visita foi guiada por un dos arquitectos autores da obra de ampliación, D. Eduardo Pesquera González. O percorrido iniciouse cunha charla por parte do arquitecto na sala de conferencias do edificio Fernández López.

Colaboración coas institucións:

Dende a páxina web da Delegación déuselle publicidade a diferentes actos organizados polo Concello de Pontevedra, tal como foron as xornadas Cidade efémera: cidade e espazos públicos, levadas a cabo entre os días 25 de Setembro e 16 de Outubro na cidade.

Colaboración co Cineclube Pontevedra e coa Fundación Caixa de Arquitectos dun ciclo de cine que incluía a proxección de documentais de arquitectura. O ciclo levouse a cabo dende o mes de outubro a decembro de dito ano e foi difundido entre os colexiados a través da web da delegación e da circular informativa nº 37/08.

8. Concursos.

Neste apartado cabe destacar a colaboración coa Comunidade de Montes Veciñais en man común de Lárez, na organización dun concurso público de ideas co fin de seleccionar un Anteproxecto que sirva de base ao correspondente Proxecto Básico e de Execución e a Dirección de obra, para a construción dun edificio de nova planta que acolla a Casa da Cultura de Lárez.

O futuro edificio emprazarase no concello de Pontevedra, nun solar sito entre as rúas Leandro del Río e a rúa do Camiño Vello deste concello e preto do Camiño Portugués a Santiago, sobre unha superficie duns 250 m² aproximadamente, onde hoxe se encontra un edificio en estado ruinoso.

A convocatoria suscitou gran interese entre colexiados de toda España, en total presentáronse a concurso un total de 51 propostas. Entre todos os participantes, o xurado otorgou o primeiro premio á proposta "LAIER 608" elaborada por Jorge Rodríguez Álvarez, contando con José María Soto como colaborador. Tamén se otorgaron 3 accésits que recaeron nas propostas denominadas "AL REVES" elaborada por Óscar Pérez Alba, "F103" elaborada por Tres pensando, escoitando e solucionando, S.L. e para "OUTSIDER" elaborada por Eloy Cambón García.

Imaxes do colexiado D. Jorge Rodríguez Álvarez e da proposta coa que obtivo o primeiro premio no concurso.

9. Comisión de Asesoramento Tecnolóxico.

Esta comisión estivo presidido polo colexiado D. José Manuel Fernández Barreira, e durante o pasado efectuou unha ampla actividade divulgativa e informativa, organizando os seguintes cursos e charlas técnicas:

Certificación enerxética dos edificios: Curso práctico CALENER VYP, impartido polo Sr. D. José Luís García Angulo, e que se celebrou os días 7 e 8 de febreiro.

Charla técnica sobre Ventilación de Vivendas. CTE DB HS3, efectuada pola empresa ALDER VENTICONTROL, o día 12 de febreiro.

Curso sobre as Normas do hábitat galego, a cargo do Sr. D. José Ignacio Morato Miguel, Xefe do Servizo de Arquitectura e habitabilidade da Consellería de Vivenda, o día 3 de marzo.

Curso sobre Reutilización de augas grises, impartido polo Sr. D. Ignacio Javier Palma Carazo, que se celebrou o día 2 de abril.

Charla técnica sobre o Código Técnico e a enerxía solar térmica, a cargo da empresa OCV Solar Térmica, que se celebrou o día 3 de abril.

Charla técnica sobre "Ventilación Mecánica Controlada (VMC) de acordo co novo CTE", impartida pola empresa SOLER & PALAU, o día 24 de abril.

Curso sobre Enerxía solar e bioclimatismo, impartido polo Sr. D. Javier Neila González, que se celebrou os días 25 e 26 de abril.

Charla técnica sobre a distribución e utilización de combustibles gaseosos (novo regulamento), a cargo da empresa Gas Natural, que se celebrou o día 6 de maio.

Charla técnica sobre a impermeabilización de cimentacións e estruturas enterradas de acordo ao CTE. Sistemas de pavimentos adaptados ao CTE. A charla foi realizada pola empresa BASF Construction Chemicals España, S.L., e celebrouse o día 13 de maio.

Charla técnica sobre illamento térmico reflexivo. Estructuras de madeira. A charla foi realizada pola empresa GALLAECIA e celebrouse o día 20 de maio.

Curso sobre o Visado Dixital para estudos, impartido polo Sr. D. Luis Álvarez Fernández, que se celebrou o día 3 de xuño.

Curso sobre os programas CALENER VyP, LIDER e a aplicación dos métodos simplificados para a xustificación do cumprimento do DB HEI-1 e de cualificación enerxética, impartido os días 25, 26 e 37 de setembro polo Sr. D. Santiago Pintos Pena e a Sra. D^a. Iria Ramos Méndez.

Charla técnica sobre o Sistema Construtivo Cerámico de Alto illamento Acústico, a cargo da empresa Hispalyt e que se celebrou o día 7 de outubro.

Curso sobre DB-HR Ruído, impartido polos Sres. Alejandro Sansegundo Sierra e Manuel A. Sobreira, que se celebrou os días 10 e 21 de outubro.

Curso sobre a Norma de Formigón estrutural 2008, impartido polo Sr. D. Juan B. Pérez Valcárcel, que se celebrou o día 29 de outubro.

Curso básico Cype Instalacións Do Edificio, impartido por D. Marcos Pérez Cachafeiro, e que se celebrou do 3 ao 7 de novembro.

10. Celebración da Festividade da Patroa da Profesión.

Celebrouse a tradicional Festa da Patroa da profesión, o sábado día 24 de maio cunha cea nos salóns da emblemática Casa Rosa da Fundación Serralves de Oporto, despois da cal se procedeu a entregar os obsequios aos colexiados que cumpriron 25 anos no exercicio da profesión, que nesta ocasión foron D. Federico del Campo Navarro e D. Alfredo Díaz Grande.

Esta edición contou coa asistencia de 207 persoas, e celebráronse visitas guiadas á Casa da Música (Koolhaas), á estación de metro Av. França, (Souto Moura), ás Piscinas das mareas en Leça da Palmeira (Siza Vieira), e ao Restaurante da Casa de Té da Boa Vista (Siza Vieira), entre outras.

11. Convenio e acordos comerciais.

En xuño renovouse o convenio de colaboración que a Delegación mantén co Banco Caixa Geral, polo cal a devandita entidade ofrece, en condicións preferentes, un conxunto de produtos e servizos financeiros específicos para os Colexiados.

No mes de xullo asinouse un convenio coa cadea hoteleira "HESPERIA" que ten por obxecto regular a aplicación de condicións especiais aos colexiados, en relación á adquisición e/ou contratación dos produtos e/ou servizos ofrecidos por GRANDE HOTEL HESPERIA A TOJA, HESPERIA ILLA DA TOJA e HESPERIA BALNEARIO DE GUITIRIZ, basicamente consistentes en descontos en tarifas de aloxamento e programas do balneario.

Tamén no mes de xullo a Delegación renovou o acordo de colaboración que mantíña co Hotel Louxo de A Toxa, que establece condicións especiais na aplicación dos seus servizos para os

seus Colexiados e asinou un convenio coa empresa COMBARRO SAILING CHARTER. S.L. que ten por obxecto regular a aplicación de condicións especiais aos Colexiados, en relación coa contratación dos servizos de aluguer de embarcacións, principalmente a vela.

12. Secretaría.

No ano 2008 déronse de alta como Colexiados 11 persoas físicas e 6 sociedades. No caso de estas últimas, debido á entrada en vigor da Lei 2/2007 de Sociedades Profesionais (LSP), supuxo que o Colexio creou un Rexistro de Sociedades Profesionais (RSP), que substitúe ao antigo rexistro de sociedades que deixou de ter validez.

O número de sociedades que se adaptaron á LSP foron 31, as cales recibiron un novo número de Colexiación, para o que tiveron que adaptarse tanto ás determinacións de dita Lei, así como á regulamentación Colexial aprobada na Xunta Xeral Extraordinaria do COAG celebrada o 30 de maio.

Entre as disposicións do Regulamento do RSP do COAG, hai que destacar que para solicitar a incorporación dunha sociedade profesional ao RSP é preciso aportar copia da escritura de constitución na que deberá constar a correspondente dilixencia de inscrición no Rexistro Mercantil, polo que non cabe a posibilidade de presentar copia simple da escritura como ata o de agora.

Por outra parte, coa finalidade de informar os Colexiados sobre as actividades da Delegación e sobre outras cuestións de interese, enviáronse 46 circulares aos Colexiados, tanto en formato papel coma en correo electrónico.

DELEGACIÓN DE SANTIAGO

Obxecto

Conforme dispoñen os artigos 45 e 49 dos estatutos do COAG, (Decreto 293/1999 do 28 de outubro da Xunta de Galicia. DOG de 16 de novembro de 1999) correspóndelle á Xunta Directiva da Delegación elaborar e ao Sr. Secretario redactar a Memoria anual de actividades da Delegación que recolla a xestión dos diversos órganos colexiais que traballan a través de ela, así como os acontecementos de maior relevo na vida profesional producidos dentro do ámbito xeográfico no que se desenvolven estas actividades. En cumprimento de tal obriga sométese a coñecemento e sanción dos señores colexiados da Delegación a presente Memoria na que se reflicte o principal do acontecido no pasado ano.

Presentación

A memoria anual de actividades, é unha ocasión para facer balance das realizacións feitas no ano anterior e poder así recordar todo o que aconteceu na nosa Delegación. Este ano especialmente sinalado porque coincidiu co cambio de oficinas unha renovación que nos aproximou mais ao corazón histórico de Santiago, aínda que foi incomodo nun primeiro momento pola problemática dos servizos colexiais.

1. Organización colexial

1.1. Xunta Directiva

A Xunta Directiva estivo formada case todo o ano por:

Presidenta: Dna. Idoia camiruaga Osés
Tesoreiro: D. Miguel Serrano Gómez
Secretario: D. Jorge Duarte Vázquez

No mes de novembro, na xunta de delegación ordinaria, a Presidenta comunica a súa dimisión, posto que ven de aceptar un posto no ministerio de vivenda. Esta dimisión e comunicada a Xunta de Goberno que convoca eleccións.

Días mais tarde o Secretario comunica a súa dimisión posto que pretende presentarse ao posto de Presidente.

O prazo aberto para presentación de candidaturas conclúe o día 9 de xaneiro do ano 2009, con unha única candidatura, polo que a Xunta Directiva quedou proclamada da seguinte forma:

Presidente: D. Jorge Duarte Vázquez
Tesoreiro: D. Miguel Serrano Gómez
Secretaria: Dna. Ana Isabel Piñeiro Esperante

Durante o ano 2008 a Xunta Directiva reuniuse en de 22 sesións

1.2. Xunta de Delegación

Celebráronse seis reunións da Xunta de Delegación nos locais da Casa da Conga, dúas de elas extraordinaria:

29 de abril: Xunta Ordinaria preparatoria da Xunta Xeral Ordinaria de Maio (peche de contas e memoria de xestión)

15 de xullo: Xunta Ordinaria para dar información das propostas da nova Xunta Directiva .

3 de novembro: Xunta Ordinaria para informar das actividades da Xunta Directiva

3 de novembro: Xunta extraordinaria para solicitar ao decano a firma do empréstimo hipotecario para a obra da casa da Conga

1 de decembro: Xunta Ordinaria previa da Xunta Xeral ordinaria de decembro. (orxamentos para o 2009)

10 de decembro: Xunta extraordinaria para modificar a cantidade do empréstimo hipotecario a solicitar polas obras da casa da Conga.

1.3. Comisións

Na Delegación de Santiago funcionan as comisións de Cultura, Planeamento e Medio Ambiente, e a de Asuntos Tecnolóxicos (CAT).

Periodicamente faise unha reunión de coordinación entre a Xunta Directiva e as Comisións no 2008 reuníronse en 4 ocasións.

1.4. Oficinas colexiais

A sede da Delegación de Santiago trasladouse dende a Rúa Ramón Piñeiro ás novas oficinas na Casa da Conga, na Praza da Quintana, 1, nos días entre o 5 e o 10 de xuño, cando se abriu de novo ao público. Coincidindo co cambio advertiuse aos colexiados da posibilidade de entrar para carga e descarga ata as 10:30 e púxose a disposición dos colexiados a posibilidade de aparcarse gratuitamente no aparcamento de San Clemente durante unha hora para a entrega e recollida de proxectos.

O persoal da Delegación durante este ano estivo composto por catro persoas:

- Un arquitecto de control e visado: Carlos H. Fernández Coto
- Tres administrativos (un xefe administrativo e dous oficiais) No que se produciron diversos cambios
 - Ramón Alende Cea
 - Dolores Chouza
 - Natividad Mosquera

Tamén contamos con unha arquitecta como asesora en temas do Código Técnico na primeira parte que foi Susana Rodríguez Carballido. e temporalmente contratouse a arquitecta Alicia Noya para apoiar as tarefas de visado durante os meses de agosto e setembro.

1.5. Colexiados

O número de colexiados inscritos na Delegación, a 31/12/2008 é de 261 arquitectos e 32 sociedades colexiais. A día de hoxe estes datos xa sufriron modificacións, aumentado tanto o número de arquitectos colexiados como de sociedades colexiais.

2. Servizos colexiais

2.1. Tramitación e visados

No ano 2008 tramitáronse 1.142 novos expedientes, a parte das ampliacións, modificacións e liquidacións de expedientes anteriores, con un total de 6.064 documentos tramitados.

2.2. Información e circulares

A información rápida e veraz dos colexiados é unha preocupación da Xunta Directiva e, neste momento, coa utilización maioritaria do correo electrónico polos colexiados o envío de circulares faise máis sinxelo. Información que se completou con correos directos en resposta a consultas no correo da Xunta Directiva.

Este ano mantívose o envío das circulares tamén en papel aos colexiados que tiñan solicitado o envío por este medio, aínda que a rapidez nestes envíos no é a desexada, e moita información segue a chegar tarde mesmo cando tratamos de ser periódicos na mesma.

2.3. Asesoría xurídica

2.3.1. Juan Jesús Raposo Arceo

Asesora ós colexiados de Santiago en temas da profesión, e de tipo urbanístico, con un servizo bastante apreciado entre os colexiados. Tamén asesora a Xunta Directiva e, en particular, á Comisión de Planeamento e Medio Ambiente.

A demanda deste servizo medrou e ademais de atender aos colexiados os xoves de 10 a 14 horas como horario de consulta nos locais da Delegación (previo aviso ao persoal da oficina), como viña facendo, pasou a atender tamén os xoves pola tarde. En todo caso segue a atender segundo exixencias e demanda dos Colexiados.

As consultas realizadas por colexiados, están relacionadas co exercicio da profesión en xeral en materia de seguros, sobre aplicación de normativa específica. e as novas Leis sectoriais.

Durante os primeiros meses tivo que facer o informe sobre a petición de licencias municipais en base ao proxecto básico a petición da Xunta Directiva.

2.3.2. Filomena Casal Gómez

Atende reclamacións xudiciais e extraxudiciais de honorarios.

2.4. Asesoría urbanística

A Xunta Directiva de Compostela xunto coa Comisión de Planeamento puxo en funcionamento en novembro o servizo de Asesoramento Urbanístico para os Colexiados de Santiago, a iniciativa tivo éxito entre outras delegacións e hoxe estase a prestar servizo a toda Galicia dende Santiago.

A persoa que neste intre asesora é Matilde Alvarez, arquitecta da nosa delegación, que atende os xoves en horario de 17 a 20 horas nas oficinas da delegación e vía correo electrónico

Este é un servizo que pretende complementar a asesoría xurídica naqueles aspectos que teñen mais relación coa aplicación das normativas municipais e que require outro tratamento e información.

2.5. Relacións cos medios

Durante o 2008, Vía Láctea Comunicación foi a oficina de prensa e comunicación da Delegación de Santiago do COAG. Difundiu actos e actividades de signo corporativo, profesional, cultural e social; buscou novos filóns informativos; asesorou á Xunta Directiva no seu labor de representación; e, en definitiva, velou pola proxección e boa imaxe da Delegación.

A penetración informativa da Delegación de Santiago do COAG no ano 2008 experimentou un crecemento abrumador con respecto ao ano anterior tanto en impactos informativos (veces que sae nos medios como noticia) como en superficie informativa de papel prensa: 311 impactos totais (185 o ano anterior), 52 páxinas de prensa escrita (30 o ano anterior), e case o dobre de tempo en radio e TV, tal como se pode apreciar nas gráficas que pechan este Informe. Conste que aquí non se contan nin a serie de 12 espazos pagados en Correo TV nin as intervencións semanais ao longo da temporada en Radio Galicia-SER (30-40), que dende hai varios anos logramos manter sen ningún custo.

Este aumento da presenza da Delegación nos medios de comunicación obedece, en primeira instancia, ao novo pulo dado polos directivos e colaboradores á actividade colexial de carácter público e sociocultural. Por outra parte, opinar razoadamente sobre temas cidadáns elevou sen dúbida a interlocución da entidade. E como consecuencia disto, o seu gabinete de comunicación -Vía Láctea- dispuxo de máis actividades e opinións noticiosas que nos permitiron proxectar en maior medida o Colexio santiagués nas súas diversas facetas, a través dos medios informativos nos seus diferentes soportes. Ademais, hai dous elementos novos que catapultan a penetración informativa: A publicación dos visados colexiais 2000-2007 do COAG converteuse nunha ferramenta de traballo dalgúns medios e xornalistas, por un lado; e este ano volvemos a traballar na difusión das Xornadas Bioclimáticas, por outro. Ambas cuestións tiraron moito da penetración informativa.

De forma sucinta e cualitativa, cómpre resaltar o aumento de presenza nos dous xornais da urbe compostelana (tamén na edición do Barbanza de La Voz), así como nas dúas televisións locais e emisoras de radio líderes en audiencia e influencia. A teor desta análise e da nosa experiencia diaria con medios e xornalistas, a Delegación colexial mantén unha presenza crecente nos medios e unha boa imaxe como entidade de prestixio e referencia.

Glosa das actividades de maior relevancia mediática

As actividades noticiosas de maior relevancia mediática foron o Día Mundial da Arquitectura, o ciclo CineCidade e as Xornadas de Arquitectura Bioclimática.

Coas celebracións do Día Mundial sumamos 3 páxinas de información repartidas en 11 impactos (veces que sae). En relación á presenza nos medios audiovisuais, cómpre destacar

que Iván Andrés, membro da Comisión de Cultura, realizou 7 entrevistas o mesmo día da efeméride.

O ciclo CineCidade, organizado pola Comisión de Cultura entre os días 6 e 10 de outubro, tivo unha presenza constante nos medios de comunicación. Dende Vía Láctea enviamos un total de 7 comunicacións. A primeira fixémosla para convocar aos medios de comunicación á Rolda de prensa de presentación da segunda edición do ciclo de cine. Á rolda acudiron La Voz de Galicia, El Correo Gallego, Europa Press e Correo TV. Durante a semana do evento enviamos unha nota cada día para informar sobre os filmes que se ían proxectando.

As notas de prensa recolléronse nos xornais de referencia da área de Compostela (La Voz de Galicia, páxinas xerais da sección de 'Cartelera y Crítica', La Voz Galicia-Santiago, El Correo Gallego, Galicia Hoxe e o semanario gratuíto Santiago Siete), como informacións e como nota de 'Axenda'. Ademais, a noticia saíu destacada en ámbitos galegos, como nos diarios El País-Galicia, El Progreso, o semanario A Nosa Terra e o gratuíto 20 Minutos. Ademais dos xornais, o ciclo difundíuse por medio de varias axencias de noticias (Europa Press e AGN), emisoras de radio, canles de televisión e mesmo Internet, tanto en medios dixitais -culturagalega.org e xornal.com- como en webs de referencia -cgac.org, compostelacultura.org e santiagoturismo.com-.

o ciclo tamén tivo unha repercusión significativa en radio e TV. Catro emisoras de radio de boa audiencia abordaron os contidos do ciclo na súa programación, tanto na sección de 'Axenda' como nos correspondentes espazos culturais, con entrevistas nos seus magacíns: Cadena SER, Radio Voz, Onda Cero e Radio Galega. En canto ás canles de televisión, a mostra cinematográfica saíu nos informativos locais de Localia Santiago e Correo TV, recollendo nas súas axendas diarias os filmes que se proxectaban cada xornada.

En definitiva, CineCidade obtivo unha boa acollida nos medios de comunicación cun total de 72 impactos en xornais, axencias, radios, televisións e medios dixitais, chegando a sumar máis de 2 páxinas de superficie informativa e máis de 35 minutos nos medios audiovisuais.


A terceira actividade con gran repercusión nos medios foron as XI Xornadas de Arquitectura Bioclimática, coordinadas polo arquitecto Federico López Taetzel. Como é habitual celebráronse os venres-tarde e sábados-mañá do mes de novembro. Desde Vía Láctea fixemos unha cobertura planificada e sistemática, e distribuímos aos medios 7 Notas de prensa amplas máis fotos. A primeira nota enviámola anticipando o evento, e as seguintes enviáronse cada fin de semana. En total, rexistráronse case catro páxinas de superficie informativa nos xornais.

Deron información das Xornadas, ademais da axencia de noticias Europa Press, os xornais de referencia da área de Compostela (La Voz Galicia-Santiago, El Correo Gallego, Galicia Hoxe e o semanario gratuíto Santiago Siete), tanto a través de informacións como na sección correspondente de 'Axenda'. Cómpre subliñar dous fitos informativos na súa difusión: O suplemento dominical "Innova" de La Voz de Galicia (600.000 lectores en toda Galicia) publicou reseñas a primeira e cuarta fin de semana, esta última mesmo abrindo a publicación cun resumo de todas as Xornadas, tratamento verdadeiramente notable. Tamén El Correo Gallego abriu a súa sección local o domingo-9 coas Xornadas, eloxiounas na páxina editorial do diario ('A Quinta') e mesmo deu 'Magnolias' ao seu coordinador (Federico) na contraportada.


Igualmente, as Xornadas foron noticia en tres radios (RadioVoz Galicia Cadena SER Santiago e Punto Radio Santiago) nas que Federico López fixo cinco entrevistas e que sumaron 40 minutos, tempo superior ao habitual.

Táboas comparativas dos anos 2004, 2005, 2006, 2007 e 2008

PRENSA ESCRITA



MEDIOS AUDIOVISUAIS



2.6. Web da Delegación de Santiago

Aínda que a edición renovada da páxina web da Delegación xa estaba en funcionamento, e Vía Láctea encárgase de actualizar os contidos, regulamente segundo o que as diferentes comisións ían aportando. Esta presentouse aos Colexiados en xuño, e máis oficialmente ademais da presentación da nova sede, a prensa en outono. Nesta nova páxina e máis doado iniciar debates sobre calquera dos temas que vos interesan, ademais da posibilidade de deixar as vosas suxestións ou queixas.

Existen dúas maneiras de entrar, unha dende a páxina do COAG: [//websantiago/index.htm](http://websantiago/index.htm) ou coa dirección redirixida á anterior: www.arquitectosdesantiago.org

A presentación da mesma pretendeu expresar que a nova páxina co seu deseño e contidos está pensada como útil para os Colexiados e como instrumento de información para a sociedade e para dar a coñecer á nosa casa e a nosa labor.

3. Relacións institucionais e convenios

3.2.-Convenios coa FEGAMP.

Iniciouse durante este ano dende a presidencia de D. Idoia Camiruaga, e mais tarde coa reunión entre D. Jorge Duarte e o Presidente da FEGAMP unha liña de traballo para fomentar a Política de concursos dende esta entidade que pode ser extensible a todos os concellos. Propuxéronse durante esta reunión por parte do Colexio a financiamento continuidade do Curso de Técnicos ao servizo da Administración Local, e do regulamento de lincenzas. Por parte do Presidente da FEGAMP foi moi ben acollida a iniciativa e estase a traballar en diversos concursos e experiencias de traballo conxunto.

3.2.-Relacións cos concellos.

Durante o ano 2008 a Xunta Directiva contactou en diversas ocasións cos concellos para adiantarlle diversas propostas relacionadas coa formación dos técnicos municipais ademais de traballar para a contratación de Arquitectos con motivo das axudas para a contratación do persoal para a aplicación das normas do Hábitat. Por esta razón ofrecéronse aos concellos unhas bases de contratación e participouse no tribunal das prazas que foron xurdindo. Ademais de ofrecerlles unha lista que se abriu dende o colexio.

4. Actividades de comisións e agrupacións

4.1. Comisión de Cultura

Durante este ano a Comisión de Cultura estivo representada polo arquitecto: D. Iván Andrés Quintela que se encargou de coordinar a comisión, e que se abriu de maneira que outros colexiados puideran colaborar nas distintas actividades.

Este estivo especialmente presente o CGAC, porque se cumpriron 15 anos da súa inauguración e organizáronse dende Cultura dúas visitas guiadas polo museo e a súa arquitectura.

Na aparte que organiza o ciclo de Cinecidade seguen a colaborar M^a del Carmen García e Carmen Rey

Realizáronse as seguintes exposicións:

1.- Atlantik Wall, Fragmentos do Borde Atlántico.

22 febreiro ao 24 marzo

80 imaxes de José Froján e María Fernández, en cámara de grande formato, que reflicten as súas viaxes pola costa atlántica europea, dende Bilbao ata o norte de Noruega.

2.-Onde vai, a arquitectura da Madeira.

4 o 18 de outubro.

EUROPAN 9

No mes de xuño a Delegación participou no congreso dos premiados do European, coa organización das visitas as arquitecturas de Santiago.

CICLO CINECIDADE

No mes de outubro organizouse o 2º Ciclo de Cinecidade. Este ano coa temática das Cidades Imaxinarias.

Proxectáronse sete películas: Metrópolis (orixinal e unha de animación), La ciudad de los niños perdidos, Immortel, Dark City, La Isla e Blade Runner, todas elas no salón de actos do CGAC, con moito éxito de audiencia.

Este ano como novidade o ciclo contou con un coloquio e conferencia de clausura coa presenza de Jorge Gorostiza, arquitecto crítico e autor de diversos artigos e libros sobre o Cine e a Arquitectura.



DÍA MUNDIAL DA ARQUITECTURA

6 de outubro día mundial da arquitectura 2008, que este ano respondeu ao lema "Fillo, sé arquitecto dun futuro mellor", coa inauguración da Exposición Onde vai?, a arquitectura de Madeira.

Os actos deron comezo as 20 horas nas praza da Quintana, con un viño e música baixo as arcadas da casa da Conga e grande afluencia de xente. Particularmente grazas a grande repercusión que tivo a montaxe da exposición.

A arquitectura da madeira, a que agora se lle abre un grande mercado, polas esixencias de confort e o reto de crear procesos e contornos sostíbeis. A súa tradición exemplarízase nestes edificios e a súa relación íntima coa materia prima que os orixinou, un exemplo idóneo para construír a arquitectura do noso tempo, a arquitectura dun FUTURO MELLOR.

4.2. Comisión de Planeamento e Medio Ambiente

O representante da Comisión de Planeamento e Medio Ambiente foi D. Ignacio Soto , que mantivo un bo nivel de actividade durante todo o ano. Entre outras actividades comezou a redacción do regulamento de Licencias que neste momento está case rematado.

Organizou o curso de Arquitectos ao servizo da Administración local que se presentou no verán e ven de rematar a súa primeira etapa con moi boa resposta por parte dos Colexiados e das administracións. Este mesmo curso organizarase para outras delegacións.

Púxose en funcionamento en novembro o servizo de Asesoramento Urbanístico para os Colexiados de Santiago.

Tras conversas coa FEGAMP iniciouse a elaboración dun sistema de valoración do presuposto de execución proxectos de cara a establecer o presuposto base para establecer a taxa e o ICIO nos concellos,coa fin de garantir a libre competencia no exercicio da profesión entre colexiados. Dito proxecto foi asumido pola Sede.

Ademais participou activamente coa Xunta Directiva no apoio aos concellos para a contratación de Técnicos para Informar sobre o Hábitat e na elaboración dunhas bases de contratación.

4.3. Comisión de Asesoramento Tecnolóxico

O representante na delegación de Santiago da Comisión de Asesoramento tecnolóxico é D. Baltasar Otero dende setembro nas tarefas de organización da comisión.

CHARLAS TÉCNICAS:

- | | |
|----------|--|
| 27 marzo | OCV Solar Térmica Código Técnico e enerxía solar térmica
Asistentes: 25 persoas Lugar de celebración: Sá de exposicións do COAG |
| 10 abril | Revestimentos de madeira, paredes, teitos e tarimas de exterior adaptadas ao CTE dB SI. (Suspendido) |



- | | |
|-----------|---|
| 7 maio | Gas Natural Distribución y utilización de combustibles gaseosos (novo regulamento) 15 persoas Sá de conferencias da delegación de Santiago. |
| 15 maio | BASF Construction Chemicals España, S.L. Impermeabilización de cimentacións e estruturas enterradas de acordo ao CTE. Sistemas de pavimentos adaptados ao CTE. 25 persoas, Sá de exposicións do COAG. |
| 29 maio | GALLAECIA Illamento térmico reflexivo. (Polynum) Estruturas de madeira. (Grupo Holtza). 19 persoas, Colexio de Enxeñeiros Industriais de Galicia |
| 8 outubro | Hispalyt, Sistema Constructivo Cerámico de Alto Illamento Acústico, 20 persoas, Sá de conferencias da delegación de Santiago. |

CURSOS

- 10-11 xaneiro Certificación enerxética dos edificios: Curso práctico CALENER VYP, Asistentes: 20 persoas, Cámara de Comercio de Santiago de Compostela
- 21 febreiro Curso de formación Normas do Hábitat, Consellería de Vivenda e Solo.
- 9 xuño Visado Dixital para estudos, 39 asistentes, Fundación Torrente Ballester.
- 18-20 setemb Estratexia de aforro e eficiencia enerxética en España (E4). Plan de acción 2005-2007. Medida de Certificación enerxética de edificios – Calener VIP, 19 persoas, Cámara de Comercio de Santiago.
- 3-4 setembro DB-HR. Ruído. 50 persoas, Fundación Caixa Galicia e Sá de exposicións do COAG.
- 9-11 outubro Estratexia de aforro e eficiencia enerxética en España (E4). Plan de acción 2005-2007. Medida de Certificación enerxética de edificios – Calener GT, 12 persoas, Sá de xuntas do COAG
- 16-17 outubro Dirixir o estudio de arquitectura: aumentar o beneficio Curso de Formación (Suspendido)
- 23-24 outubro Dirixir o estudio de arquitectura: mellorar os encargos Curso de Formación (Suspendido)
- 26 novembro Norma de Formigón estrutural 2008, 15 persoas, Sá de conferencias da delegación de Santiago

4.4. Xornadas de Arquitectura Bioclimática

Ademais de tódalas actividades desenvolvidas neste eido polas comisións colexiais, que xa mencionamos, cómpre salientar a celebración das XI Xornadas de Arquitectura Bioclimática, coordinadas por don Federico López Taetzel, e en colaboración co Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia.

Tiveron lugar en Santiago, na sala de Exposicións do Colexio de Arquitectos no mes de novembro do 2008, con preto de 45 inscritos.

5. Actividades colexiais

5.1. Arquitectos sen Fronteiras

A Delegación de Santiago do COAG colaborou con Arquitectos Sen Fronteiras de Galicia aportando 2.215 euros para o financiamento dun proxecto de implementación de infraestruturas de habitabilidade básica nos municipios costeiros do departamento de Retalhuleu coa poboación indíxena e campesiña de Guatemala.

5.2. Outras actividades

O venres 25 de xaneiro do 2008 festexouse o Día da Patroa dos arquitectos (Nosa Señora de Belén na súa Fuxida a Exipto) no Hotel San Francisco no que se celebrou unha cea de confraternidade, á que asistiron colexiados e acompañantes.

O sábado día 11 de outubro celebrouse un xantar campestre nunha área recreativa do concello de Vedra a base de Polbo á feira e Churrasco, café de pota, auga e viño, para toda a familia. A sobremesa estivo amenizada por uns pallasos para entreter aos rapaces mentres os maiores repousaban a enchente. Despois ao finalizar a comida fixemos unha pequena excursión en familia a un serradoiro da zona.

DELEGACIÓN DE VIGO

1.-XUNTA DIRECTIVA

A Xunta Directiva da delegación está composta neste período por:

Presidente: Salvador Fraga Rivas
Tesoureiro: Andrés Touceda Gómez
Secretario: Alba Rodriguez Alvarez

2.-REUNIÓNS DA XUNTA DIRECTIVA

Celebráronse reunións semanais nas que se trataron asuntos varios da delegación e nas que participaron Maite Moldes e Enrique Urdiales.

A Xunta Directiva está asesorada xuridicamente por Alfonso Álvarez Gándara.

3.-REUNIÓNS DA XUNTA DE DELEGACIÓN

Ó longo do ano 2007 celebráronse varias Xuntas de Delegación:

O martes 15 de abril, Xunta Extraordinaria de Delegación na que se tratou o Decreto do Hábitat Galego.

O xoves 24 de abril, Xunta ordinaria de Delegación na que se aprobou o Peche de contas, a Memoria de Xestión, entre outros acordos.

O mércores 5 de novembro; Xunta ordinaria de Delegación na que se tratou, entre outros asuntos, o desenvolvemento das obras da Nova Sede do COAG en Vigo.

O xoves 27 de novembro, Xunta ordinaria de Delegación na que se tratou, entre outros asuntos, a evolución dos ingresos e gastos do COAG e o axuste de servizos colexiais.

O mércores 10 de decembro, Xunta Ordinaria de Delegación na que se aprobou o Presuposto de gastos e ingresos do ano 2009.

4.-COMISIÓNS DE TRABALLO DA XUNTA DIRECTIVA

Asesoramento tecnolóxico: Delegado Antonio Hernández Crespo

Xornada Técnica ALUCOIL: "Os paneis metálicos na fachada lixeira" – Martes 11 de marzo, ás 19.30 h.

Xornada Técnica SONNENKRAFT: "Integración da Enerxía solar Térmica na Edificación CTE", Xoves 13 de marzo, ás 19.00 h.

Presentación FOREL (Forxados reticulados de poliestireno expandido) "Adecuación do sistema de forxados ás esixencias do CTE" – Xoves 3 de abril ás 19.00 h.

Presentación funcionamento VISADO DIXITAL e programa COAG ESTUDIO, 22 de maio ás 18.30 h.

Seminario sobre prevención aplicada en construción. VERBUM, 9 de outubro. Organizado pola Asociación de Profesionais de Seguridade e Saúde Laboral.

Cultura: Delegado Andrés Touceda Gómez
Biblioteca Milagros Álvarez Conde

Bolsa celebración Día Mundial da Arquitectura (dotación: 4.000 € + I.V.E.)

Bolsa celebración Día Mundial do Urbanismo (Dotación: 4.000 € + I.V.E.)

Visita Guiada Exposición "Picasso. Laboratorio de Estilos" – Fundación Barrié de la Maza, mércores 20 de febreiro ás 20.00 h.
 Exposición "44 young architects 2007" ata o 25 de abril Sala de Usos Múltiples da Delegación.
 Mostra Itinerante Premios GranDeArea 07 – Centro Cultural A Guarda – ata o 16 de abril.
 Conferencia Premios GranDeArea 07 – Centro Cultural A Guarda – Luns 14 de abril ás 20.00 h.
 Mostra Itinerante Premios GranDeArea 07 – Paseo da Corredoira - Tui
 Visita e obradoiro Exposición Enxeñería Romana, en colaboración co Museo Municipal "Quiñones de León" – Venres 18 de abril ás 17.30 h.
 Mostra Itinerante Premios GranDeArea 07 – Redondela – Paseo da Xunqueira, fronte ao Multiusos, do 1 ao 15 de maio de 2008
 Mesa Redonda sobre os Premios GranDeArea 07 no Multiusos Municipal de Redondela, 14 de maio ás 20.30 h.
 Mostra Itinerante Premios GranDeArea 07 – BAIONA, ata o 1º de xuño
 Conferencia peche itinerancia dos premios GDA. Ponentes: Julio Rodriguez, Daniel Rivoira e M. Portolés, 5 de xuño ás 20.00 h.
 Conferencia "Políticas Urbanísticas" – Organiza Fundación Inciativas 21. Ponentes: Luc Vrolijk, Enxeñeiro e Urbanista e César García García, Arquitecto e Urbanista. MARCO, xoves 12 de xuño ás 18.00 h.
 Presentación da Revista Obradoiro e O Monografías (Decano Coag, Presidente Coag-Vigo e responsables das publicacións: Carlos Pita, Juan Creus e Pablo Gallego). Xoves 12 de xuño no MARCO, ás 20.00 h.. Remátase o acto cunha conferencia de JOSÉ VILLACÉ.
 Visita a Obras de Víctor López Cotelo en Santiago de Compostela. Sábado 28 de xuño de 2009.
 Xornada "Casco Vello. Os acenos históricos de Vigo". Mércores 2 de xullo no CFV.
 Curso de arquitectura: "Xentes, espazos e lugares" do 4 de novembro de 2008 ao 26 de maio de 2009. No MARCO, cofinanciado coa Xerencia de Urbanismo e coordinado por Xosé Manuel Rosales Noves.
 DIA MUNDIAL DA ARQUITECTURA. Luns, 6 de outubro, ás 16.30 h. Visita Fachada da cidade. De Guixar a Bouzas. Guía: o especialista en historia económica empresarial de Galicia, Xoan Carmona Badía.
 VISITA ARQUITECTURA INDUSTRIAL. Sábado 11 de outubro, ás 12.00 h.. Paseo en barco pola ría de Vigo. Guía: Xoan Carmona Badía
 VISITA POLÍGONO INDUSTRIAL DE VALADARES. Sábado 18 de outubro, ás 12.00 h. Dende o Berbés ao P.I. Valadares. Guía: Alfonso Penela Fernández.
 VISITA POLÍGONOS A GRANXA e AS GÁNDARAS. Sábado 25 de outubro, ás 12.00 h. Cidade (industrial) difusa. Guía: Juan Luis Dalda Escudero.
 ENTREGA PREMIOS GDA 2008. Luns 15 decembro ás 20.00 h. na sede da Fundación Caixa Galicia en Vigo.

Biblioteca:

Incorporación á biblioteca e correspondente catalogación de 98 monografías, 92 números de publicacións seriadas e 6 publicacións audiovisuais dos que 61 foron adquiridos mediante obsequio ou doazón.
 Préstamos bibliotecarios realizados: 257.
 Consultas de persoas alleas ó colexio (non arquitectos): 18 consultas

Planeamento: Delegado José Romero-Amich Nieto ata setembro
 Delegada Ana Isabel Fuentes García dende setembro

Conferencias sobre PXOM-VIGO-ORDENANZAS – Ponente: MARIA LUISA SOBRINO DEL RIO – Sala de Usos Múltiples da Delegación do COAG – mércores 23 de xaneiro (Normas

Xerais de Edificación) e xoves 24 de xaneiro (Ordenanzas particulares en solo urbano). Ás 7 da tarde.

Xornadas A Rehabilitación do Casco Vello. Mércores 16 de abril ás 19.00 h. Sala de Usos Múltiples da Delegación do COAG– Ponentes: NURIA CAMPOS, EVA M^a REZA PAZ e ANA SANCHEZ

AGAM (Agrupación de Arquitectos ao servizo da Administración Pública)

Delegado

José Romero

Foron aprobados os Estatutos da Agrupación. Durante o ano 2008 celebráronse tres reunións do “Foro de Arquitectos Municipais Coag-Vigo” os días 12 de marzo, 29 de maio e 17 de setembro, nas que participaron en torno a unha quincena de arquitectos, e nas que se debatiron temas relacionados coa consolidación dos núcleos, demolicións e peches tradicionais nos núcleos, solo urbano consolidado versus non consolidado en plans non adaptados e Normas do Hábitat Galego.

AR-FO (Agrupación de Arquitectos Peritos e Forenses) Presidente César Jiménez López

Charlas de divulgación e encontro con Xuices e Maxistrados. Sala de usos múltiples da Delegación do COAG en Vigo. Mércores 26 de novembro de 2008, ás 18.30 horas.

Abertas aos Colexiados de toda Galicia.

WEB COAG VIGO Responsable Jordi Castro

Durante o ano 2008ponse en marcha unha nova páxina web da Delegación, dende a que se ofrece un oco a todos os Colexiados que desexen mostrar os seus traballos, ademais de recoller noticias relacionadas coa profesión; tamén mantén un calendario coas actividades da Delegación e asímesmo inclúense anuncios de prazas para os Colexiados.

COLABORACIÓN CAIXANOVA

Máster en Dirección de Empresas de Promoción Inmobiliaria – Escola de Negocios Caixanova – Sesión de presentación na Delegación: 15 de xaneiro ás 19.00 h.

CLUB FINANCIERO VIGO

Foi elixido como Coordinador Xeral do Foro de Urbanismo e Infraestrutura, o noso compañeiro, Gabriel Santos Zas.

5.- SERVICIOS COLEXIAIS

En horario de oficina de 8 a 3, de luns a venres, a Delegación oferta os servizos que se relacionan acto seguido:

Visado

Xestión de cobro

Reclamación xudicial de honorarios

Asesoría xurídica

Biblioteca: consulta e préstamo

Información urbanística xeral e de desenvolvemento dos concellos da provincia de Pontevedra.

Aula de Informática: uso de diversos programas, ploteado, impresión a color, scaneado, grabadora de cd, acceso a Internet, asesoramento, etc.

Cámara Dixital: préstamo ós Colexiados

Aparcamiento gratuito dunha hora de duración no Parking Colón Centro para facilitar a realización de xestións na Delegación.

Cañón: préstamo ós colexiados que a solicitan.

Información xeral os colexiados: a través das circulares que se remiten os colexiados en papel ou por correo electrónico, sendo esta última vía a máis solicitado polos asociados.

6.- OUTROS SERVIZOS DA DELEGACIÓN:

6.1.-Asemas, Asociación de Seguros Mutuos de Arquitectos Superiores dispón dunha oficina territorial na Delegación de Vigo para atender as consultas e xestións dos colexiados co Seguro en horario de 8.00 a 15.00 horas os luns, mércores e venres.

Responsable oficina:	Marta Bastos Martín
Avogados:	Clara M ^a Beiró Calvo Maañón-Movilla-Martín Alfonso Álvarez Gándara

6.2.-Asesoría Fiscal: Continúa a prestar o servizo de asesoría fiscal ós colexiados adscritos á Delegación a Asesoría Fiscal Egerique Asociados S.L. para todos aqueles colexiados que queiran tanto na constitución ou creación de empresas como na declaración dos imposto correspondentes.

6.3.-Hermandad Nacional de Arquitectos Superiores, Mutualidad de Previsión Social a prima Fixa, para atender todas as consultas ou prestación de novos servizos dos mutualistas.

Responsable oficina	Ana Varela Muradás en horario de 9.00 a 14.00 horas os martes, xoves e venres.
---------------------	--

6.4.-Reclamación Xudicial de Honorarios: Alfonso Alvarez Gándara,
Juan José Yarza Urquiza.

Os colexiados que o dexesen poden solicitar na Delegación a posibilidade de reclamar xurídicamente os honorarios profesionais dos expedientes non retirados.

7.- PROXECCIÓN DA IMAXE DA DELEGACIÓN

A Delegación continua coa labor de ter presenza nos distintos e mais importantes foros que se desenvolven na cidade e a área de influencia da Delegación para todos aqueles temas que interesan a profesión. De todos eles paga a pena citar:

- Consello Sectorial de Urbanismo do Concello de Vigo
- Consello Social do Concello de Vigo
- Consello Local de Accesibilidade do Concello de Vigo
- Fundación Provigo
- Fundación Teatro Principal de Tui
- Foro de Urbanismo e Infraestructuras do C.F.V.

Todas as actividades que esta participación xeneran, se difunden entre os colexiados, en especial, os organizados polo Foro de Urbanismo e Infraestructuras do C.F.V., que se desenvolven en torno a profesión ou de interese para a profesión, a fin de conseguir unha grande participación nos mesmos. A actividades nas que colabora o Colexio difúndese a través do Gabinete de prensa co que conta o COAG.

8.-PERSONAL DA DELEGACIÓN

1.-A Delegación conta na actualidade con 11 empregados.

2.-O Arquitecto de Visado e Control continúa a ser D. Enrique Urdiales de Santiago.

3.-O Arquitecto de Visado, Anxo de la Puente Fernández, encargado do visado dixital.

4.-Arquitecta de Visado, Dna. Elena Clavería Fontán.

5.- Con respecto do persoal administrativo non houbo ningún cambio que mencionar. Se acaso, dende fai algún tempo, a Xefe de 2ª administrativa, Maite Moldes presta servizos administrativos na Sede Colexial varios días á semana. Os administrativos da Delegación son:

1. Xefe de 1ª administrativo: Rodrigo Costas Duarte;
2. Xefe de 2ª administrativa: Maite Moldes Goday;
3. Oficial de 1ª administrativa: Ana Maria Vila Martínez;
4. Oficial de 1ª administrativa: Esther Hernández Pérez;
5. Oficial de 2ª administrativo: Pepe Román Graña;
6. Oficial de 2ª administrativo: Carlos Costas Duarte;
7. Oficial de 2ª administrativa: Lucía Calvo Martínez;
8. Auxiliar administrativo: Pedro Rodríguez Seoane.

9.- NOVA SEDE COLEXIAL: Unidade de Actuación “Pobo Galego”

Continúan as obras de construción según os prazos previstos baixo a Consultoría e Asistencia Técnica da DIP (Dirección integrada de proxecto) a cargo de D Carlos Rodríguez de la Torre e a Dirección da arquitecta, Dona Guadalupe Piñera Manso

10.- RELACIÓNS EXTERNAS

COA ADMINISTRACIÓN LOCAL

Concello de Vigo:

1.-Comisión de seguimento do Plan Especial de Edificios a Conservar: Continúase a participar activamente nas reunións e visitas a edificios

2.- Consello Sectorial de Urbanismo: o COAG segue a estar presente nas reunións do Consello para participar activamente no desenvolvemento da cidade.

3.- Consello Social do Concello de Vigo: O Coag segue a estar presente nas reunións do Consello.

COA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

1.-Consellería de Economía e Facenda. Colabórase facilitando a adxudicación e distribución dos traballos de taxacións periciais contradictorias co listado remitido a Consellería.

2.-Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local. Colabórase facilitando a adxudicación e distribución dos informes xudiciais a través do listado de Arquitectos dispostos a actuar en asuntos xudiciais.

3.- Concurso de Ideas Casco Vello de Vigo – Conexión Transversal Berbés-Praza do Rei e reordenamento do ámbito do Castelo de San Sebastián

4.- Xornadas Técnicas sobre “Accesibilidade e Arquitectura: solucións mecánicas” – Museo Marco de Vigo (Rúa do Príncipe) – 17 e 18 de xaneiro de 2008

CON OUTROS COLEXIOS PROFESIONAIS

1.-Colexio de Aparelladores e Arquitectos Técnicos da provincia de Pontevedra: Continúase a traballar co Colexio de Aparelladores e o Concello sobre o funcionamento da Inspección Técnica de Edificios.

2. Colexio de Avogados de Vigo: Colabórase facilitando a adxudicación e distribución dos informes xudiciais.

CON INSTITUCIÓNS LOCAIS

1.-Fundación ProVigo: membro do padroado. Asístese e participase con regularidade nas reunións.

2.-Foro do Urbanismo e Infraestructuras: Aparte de ser socios, nestes momentos exercemos a Presidencia na persoa do arquitecto. D. Gabriel Santos Zas. Varios colexiados participan nos foros e debates facéndose cargo a Comisión de Planeamento do importe das cuotas.

3.-Club Financiero: a Delegación é accionista e socia do club, o que nos permite participar nos actos que se organizan e facer uso das instalacións; os colexiados, previa reserva colexial e mediante aluguer, poden usar as salas de reunión, auditorio e despachos.

4.-Fundación Teatro Principal de Tui: formamos parte do Padroado da Fundación.

COA UNIVERSIDADE

1.-Escola Técnica Superior de Arquitectura de A Coruña: continúa vixente o Convenio coa Universidade de A Coruña que se concreta no Programa de Cooperación Educativa para estudantes do último ciclo sendo utilizado por colexiados da Delegación sobre todo no período non lectivo daqueles.

CON OUTRAS INSTITUCIÓNS

1.-Arquitectos sen Fronteiras: continúaase coma todos os anos a colaborar con Arquitectos sen Fronteiras de Galicia aportando 3.000 euros para o financiamento dos proxectos que esta institución desenvolve por todo o mundo.

2.-Cruz Roxa: continúaase coma todos os anos a colaborar coa Cruz Roxa aportando 270,00 euros para o financiamento dos proxectos que levan a cabo.

11.- ACTOS COLEXIAIS

CEA DA PATRONA

Venres 20 de xuño de 2008
Illa de San Simón – Ría de Vigo

Entrega de insignias ós colexiados que levan vintecinco anos na profesión:
D. Manuel Francisco Alonso Álvarez
D. José Romero Amich
D. Enrique Urdiales de Santiago
Dona Carmen Vila Pérez

12.- SECRETARIA

Colexiados: altas, 23 – baixas, 1
Sociedades: alta, 35 – baixas, 0

Movemento administrativo:
Ano 2008 Entradas 2094
 Saídas 1481
 Circulares 28

13.- TESOURERIA

Foron aprobados os presupostos para o ano 2009 na Xunta de Delegación celebrada o 10 de decembro de 2008.

O peche de contas foi aprobado na Xunta de Delegación celebrada o 24 de abril de 2008 co resultado esperado dando cumprimento as expectativas económicas xeneradas.

Durante o período o importe das minutas de honorarios reais xestionadas pola delegación ascenderon a 5.266.160 €.

14. – VISADO

Practicáronse 4908 liquidacións e emitíronse 0 talóns.

Libros de incidencias 79 e libros de ordes 1507.

O PRESIDENTE: Salvador Fraga Rivas
A SECRETARIA: Alba Rodríguez Álvarez

Dándose conta da memoria de xestión do ano 2008 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, na Xunta Xeral Ordinaria do 28 de maio de 2009

Santiago de Compostela

Secretario_Xunta de Goberno COAG
Alfredo González Cascallana



memoria de xestión

Colexio Oficial de Arquitectos
de Galicia